Xurxo Martínez Crespo

Catro Vidas

do exilio galego en Venezuela





Subvencionado pola:

Xunta de Galicia.

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Realiza e edita:

AGER (Asociación Galega de Emigrantes Retornados)

Deseño e maquetación: Graciela Alba Burgos

Coa Colaboración da:

CIG (Confederación Intersindical Galega)

FESGA Fundación para a Divulgación e o Estudo da Cuestión Social e Sindical

I.S.B.N.: 84-609-7627-0

Publicación divulgativa da historia da emigración galega, ano 2005

Xurxo Martínez Crespo

Catro vidas do exilio galego en Venezuela

Edita:

ager
emigrantes retornados

Dentro da nosa historia o fenómeno predominante foi a saída masiva de xente, imprimíndolle á sociedade o esgazamento de varios millóns de imaxes de partidas nos portos.

Hoxe enfrontámonos a un feito de movemento inverso, «os que se foron ou os seus fillos regresan».

A emigración determinou a fragmentación do país e da súa xente, quedando unhas persoas «dentro» mentres outras tiveron que quedar «fóra».

Estes distanciamentos configuran historias persoais moi particulares, que -sumadas- xeraron o feito socioeconómico por excelencia: a Galiza recluída na aldea e a Galiza expandida polo mundo. Esta Galiza expandida contribuíu cos seus homes e mulleres na construción dos países americanos e europeos.

Por isto fundamos no ano 1998 AGER (Asociación Galega de Emigrantes Retornados) co obxectivo de defendermos os dereitos dos nosos emigrantes cando retornan á súa terra. A nosa asociación conta cunha oficina central de información na cidade de Pontevedra, na cal o emigrante pode informarse e asesorarse.

AGER promove actividades de integración e divulgación da problemática migratoria. Unha das súas tarefas é dar a coñecer a historia da nosa emigración, co fin de que as actuais e futuras xeracións coñezan a epopea do noso pobo, na emigración. Co fin de recuperar a nosa memoria histórica editamos o libro "Catro vidas do exilio galego en Venezuela" e na mesma colección editamos con anterioridade "Galegos no sindicalismo americano".

A Comisión Directiva da AGER

Introdución

Catro vidas do exilio galego en Venezuela

Nada se ten escrito verbo do exilio político galego en Venezuela. Mesmo en Galiza entenden o exilio galego neste país caribeño como exilio económico, é dicir, como emigración.

Nada máis afastado da realidade. Venezuela, malia determinadas circunstancias políticas para o momento do remate da guerra civil, acolleu moitos exiliados a partir de 1945, e moitos máis cando un amigo de Galiza como Rómulo Gallegos foi elixido presidente en 1948.

A admisión de exiliados republicanos en Venezuela bateu frontalmente con partidos como o social cristián de Rafael Caldera, de carácter católico-conservador e seguidor do xeneral Franco, e a actitude reservada do goberno do xeneral Eleazar López Contreras, que autorizou a chegada de determinados refuxiados, principalmente vascos, por seren católicos e conservadores.

O goberno venezolano cinguíase á Lei do 11 de xullo de 1936, Lei de Inmigración e Colonización e á Lei de Estranxeiros de 1937.

O 26 de agosto de 1938 créase o Instituto Técnico de Inmigración e Colonización ITIC, que substituiría á Oficina de Inmigración, Colonización e Repatriación que era a encargada dos temas migratorios dende agosto de 1936.

Arturo Uslar Pietri dirixiría o ITIC que, ante as diatribas e liortas e a ameaza da importación do "extremismo" dos "comunistas" a Venezuela, dixo: "A inmigración de refuxiados por razóns políticas ou relixiosas, pode considerarse, en principio, como unha das máis beneficiosas e útiles para o desenvolvemento económico e social do país que os acolle. Constitúena, en importante proporción, homes de valiosos antecedentes económicos e sociais, dun nivel superior ao inmigrante ordinario que se traslada por simples motivos económicos".

Pietri, despois de citar o exemplo dos Estados Unidos, sinalaba: "A actual situación dos emigrados non arios da Europa central e de moitos dos españois emigrados en Francia, preséntalle a Venezuela unha oportunidade única para proverse de homes de alto valor económico, social e cultural".

Pero Uslar Pietri non estaba a prol da admisión ilimitada, entendendo que o único coidado que debía ter a República de Venezuela cos exiliados era o da ideoloxía política, pois entendía que era imposíbel que conformasen no país de acollida "minorías alóxenas".

O presidente, xeneral Isaías Medina Angarita e o seu partido, Partido Democrático Venezolano, non atenden a proposta uruguaia de ruptura de relacións con Franco, a pesar do favorábel da opinión pública e mesmo do ditame favorábel do Concello de Caracas.

En 1945 Medina Angarita é obxecto dun golpe de Estado por parte dunha Xunta Revolucionaria cívico-militar encabezada polo daquela esquerdista Rómulo Betancourt.

En sesión do 8 de novembro, a Xunta Revolucionaria recoñece como único goberno lexítimo o da República española no exilio e rompe as relacións co réxime ditatorial de Franco. O 31 de decembro de 1945 é recibido no pazo de goberno venezolano o embaixador republicano, Manuel Martínez Pedroso.

A Xunta Revolucionaria de Betancourt recibiu por parte de Martínez Pedroso a ruptura de relacións de toda índole, sen subterfuxios que poidan dar lugar a equívocas nin tortas interpretacións.

Venezuela chega a máis cando internacionalmente se converte na abandeirada da defensa da causa republicana. Así, na asemblea xeral da ONU de Lake Sucess, a delegación venezolana defende a ruptura de relacións co réxime de Franco.

En 1947, o xeneral Vincent Mayer, delegado da Organización Internacional de Refuxiados, declara que Venezuela era o país que máis exiliados recibira, dando un xiro de 360º con respecto á política do presidente Eleazar López Contreras, pois a maior parte deles tiñan a nacionalidade española e non viñan do Estado español (co que Venezuela non mantiña relacións) senón dos países nos que estaban exiliados.

Rómulo Gallegos Freire, o escritor e exiliado político en Galiza e o Estado español entre os anos 1933 e 1935, é elixido presidente representando ao partido Acción Democrática en 1948.

Durante o seu mandato, a penas oito meses, o seu ministro de Relacións Exteriores, o poeta Andrés Eloy Blanco, fixo súa a causa do exilio republicano.

Rómulo Gallegos dará instrucións á delegación venezolana en Lisboa para que empecen a emitir pasaportes venezolanos a todos os exiliados galegos que así o soliciten. A delegación, instalada en 1942 en Lisboa, emitirá centos de pasaportes nos que exiliados como Xosé Velo, Alberto Fernández Mezquita, Manuel Otero Castelao e moitos outros, chegarán a Venezuela vía New York.

Estes exiliados chegaron a defender a legalidade do goberno de Rómulo Gallegos incluso coas armas, e é moi significativo que o primeiro detido do golpe de Estado contra Rómulo Gallegos en novembro de 1948 fora o seu secretario persoal, o ourensán Alberto Fernández Mezquita, condicionado pola "perigosidade" destes exiliados amantes da liberdade e da legalidade e curtidos nunha guerra fraticida.

A historia do exilio galego en Venezuela é inexplicábel sen Rómulo Gallegos e Andrés Eloy Blanco, ambos descendentes de galegos e membros de honra do primeiro centro galego de Venezuela, o republicano Lar Gallego.

Ambos os dous fixeron súa a causa que despois sufrirían en carne propia. Anos máis tarde, cando Venezuela era unha república despilfarradora e "saudita", milleiros de galegos e galegas, exiliados económicos, encheron a súa xeografía. Grandes fortunas e grandes miserias amasaron este homes e mulleres, saídos da incultura política e da fame de benestar que outros conseguirán máis adiante marchando a Suíza, Alemaña ou Centro Europa.

Os centos de exiliados galegos que viviron en Venezuela están, neste pequeno traballo, reflectidos nestes catro valorosos homes. Alberto Puente, despois de máis de 20 anos na cadea de Burgos. Mario Granell, no exilio interno do artista comunista e contestatario que tiña que facer calquera cousa na Galiza escura da fame espiritual e material dos 50 para poder vivir. José Mosqueira

Manso, brillante home de ciencia e aventura, vítima de dúas ditaduras, a de Franco e a do dominicano Trujillo, e por último, un home que posúe as mellores virtudes do ser humano, Alejandro Tejero Cuenca. Nado no exilio republicano en Francia, a súa nai, a viguesa María Teresa Cuenca, era unha perseguida política. Alejandro naceu cunha estrela no sorriso. Cos ideais máis fermosos que pode ter calquera ser humano. Digno, valente, sensíbel... inocente. Fixo de Venezuela a súa patria, e dos venezolanos os seus irmáns. Fixo de Venezuela algo polo que vivir, tanto, que deu a vida por ela. Este libro, moi especialmente, está dedicado a el e a súa nai, como me pediría.o meu amigo Alberto Puente.

Xurxo Martínez Crespo

Introdución

Mario Granell

A Coruña, 11 de outubro de 1914 / Vigo, 23 de decembro de 1991



O home que quixo ser grelo

Nace na Coruña, o 11 de outubro de 1914. Aprende pintura en Santiago de Compostela co mestre Juan Jesús González, quen, asemade, lle ensina a ler e escribir, e a quen recordará con admiración ao longo da súa vida.

Os seus estudos de pintura comezan baixo a tutela de Camilo Díaz Baliño, gran escenógrafo, muralista e pintor que pintaría moitos dos cartaces a prol do Estatuto de Autonomía para Galiza e que sería asasinado ("paseado") o 14 de agosto de 1936.

Mentres estuda bacharelato, Mario, funda o equipo de fútbol "Deportivo Petit", entre os que está coma xogador o médico e posterior presidente da Xunta de Galiza Xerardo Fernández Albor.

Pero Mario é inquedo e máis que inquedo bulebule. Con apenas 13 anos, en 1927, Mario Granell funda a revista S.I.R. (Sociedade Infantil Revolucionaria). Nesta revista realiza os debuxos e coa colaboración do seu irmán, o tamén pintor e músico, Eugenio, escribe os primeiros artigos literarios. S.I.R. non é unha revista calquera. Ademais dos irmáns Granell tamén colaboran Arturo Cuadrado, Luís Mantenga, o artista galego-arxentino Luís Seoane, Feliciano Rolán e Carlos Maside.

Este neno precoz xa fai as súas dúas primeiras exposicións aos 14 anos. A primeira en Santiago, na Sala Liste, na que recibe o bautizo da crítica en eloxioso artigo xornalístico de Francisco Fernández del Riego, complementado cunha caricatura de Carlos Maside.

Mario Granell antes de viaxar a Venezuela.

A segunda en Pontevedra, na Sala de Turismo, na que estiveron presentes Alexandre Bóveda, Xosé Filgueira Valverde, a familia Sesto e a presentación de Castelao que era profesor de debuxo nun instituto da cidade; desta exposición de Pontevedra marchan dúas obras ao Museo Provincial da provincia.

Ao ano seguinte, obtén o primeiro premio nunha colectiva en Vilagarcía, na que formaban parte do xurado Carlos Maside e Fermín Bouza Brey, e participa, con tres cadros, na Exposición Rexional Permanente de Santiago.

Castelao, Maside, Arturo Souto, Colmeiro e Cándido Fernández Mazas son os que realizan a renovación da arte galega e exercen de modelos sobre as novas promesas con nomes como Luis Seoane, Eugenio Granell, Urbano Lugrís, Laxeiro, Isaac Díaz Pardo e Mario.

Mario marcha coa súa familia a Madrid en 1931, un ano antes de instaurarse a República en España. Alí trata ao debuxante e artista ourensán Cándido Fernández Mazas, a Arturo Souto e a Santiago Arbaos Ballesté, dos que recibe unha importante influencia. Incorpórase ao grupo *Avance*, sociedade de movemento xuvenil onde se realiza teatro, exposicións e a revista do mesmo nome e colabora na revista deste. Asiste as clases

de pintura dictadas na Universidade Popular por Federico Rivas, Peinador, Alonso, e o mellor da vangarda artística dun Madrid que está renacendo. Participa en varias mostras colectivas, unha delas realizada nos salóns do Ateneo de Madrid, na que tamén expoñen o artista e poeta andaluz Rafael Alberti e o pintor Luna.

Nesta exposición, o embaixador da República do Uruguai en Madrid, o galego-uruguaio Eduardo Dieste adquire dúas obras de Mario Granell e outras dúas de Arturo Souto.

Mario expón no Círculo de Bellas Artes, obtendo, neste último, un premio nun concurso de cartaces, e colabora en varios xornais madrileños.

En 1932, comeza a traballar nas oficinas do Mercado Central, como secretario xeral do Sindicato de Maioristas da Alimentación do sindicato socialista Unión Xeral de Traballadores. Mergúllase no mundo da política e participa na esquerda madrileña. Coñece ao pintor coruñés Crisanto Garrote, que estuda na Escola de Belas Artes de San Fernando. Garrote, bolseiro da Deputación da Coruña, morre traxicamente en Galiza en 1941.

En 1933, asiste aos faladoiros nocturnos de Eduardo e Rafael Dieste na Granxa El Henar e aos diúrnos no *Café de las Flores* aos que concorren, entre outros, o seu irmán Eugenio, Cándido Fernández Mazas, Fersen, Santiago Arbaos Ballesté, Carlos Arias, Federico Rivas, Urbano Lugrís, Alberto Fernández Mezquita, Roberto Blanco Torres, Bal y Gay, Otero Espasandín, Lorenzo Varela, Carmen Muñoz e Carlos Gurméndez. Tamén está presente nos faladoiros (tanto literarios como políticos) que se efectúan en Negresco, La Polar, Café Madrid e El Molinero. Tamén frecuenta o Café do Hotel Gran Vía, onde Castelao asiste regularmente e ao que Mario coñece e trata desde, atrás, anos, cando vivía en Galiza.

En 1934, expón en Santiago, Vilagarcía e Pontevedra, onde é altamente eloxiado e onde non pasa desapercibida a evolución artística lograda nos últimos anos.

En 1935, participa na revista *Comunismo* que publica A Oposición de Esquerdas, de magnífico contido sobre a teoría marxista, á cal pertencen o seu irmán Eugenio e Fersen (pseudónimo

Mario Granell con Laxeiro en Vigo, ano 1953.

Óleo de Mario Granell.

do ribeirense Enrique Fernández Sendón), na que tamén colabora o seu irmán Julio Fernández Granell e un amplo grupo de profesionais, médicos, avogados, técnicos de metro, estudantes, campesiños, obreiros, artistas como Portela, Pedreira, Eugenio Carré, os irmáns Fernández Sendón, Ernesto Tojo, Andréu Nin, Baldrich, Luis Aparicio, Arias, Andrés García de la Riva (Colombo), os irmáns Laclaustra, Juan Andrade, María Teresa Vallecillo, os irmáns Arenillas, Contreras, Alberto Fernández Mezquita e outros.

En 1935, fúndase o Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM), corolario da xuntanza do Bloque Obreiro e Campesiño (BOC) e Esquerda Comunista (EC), partido ao que estarán afiliados tanto os irmáns Granell, Mario, Eugenio e Julio, e outros galegos residentes en Madrid como Alberto Fernández Mezquita e Cándido Fernández Mazas.

En xullo de 1936 está Mario Granell na Coruña cando estoupa a guerra civil, sendo imposíbel volver a Madrid coa súa familia. Participa nas loitas a prol da República. Pasa un tempo no monte cun grupo de compañeiros. É buscado e perseguido. Agáchase na casa de Rosa Ustarroz Serrate, republicana, viúva do comandante Ramón Montero Vázquez, até que unha madrugada de febreiro de 1937, na praia de Bens, é capturado ao ser frustrada unha viaxe que el e un numeroso grupo de republicanos trataban de realizar a Francia, para chegar á zona republicana. Máis tarde, a este grupo recordaráselle como "Os da lancha do monte de San Pedro". É torturado cruelmente pola Garda Civil, xulgado por un Consello de Guerra e condenado a morte. Como moitos outros, a súa condena a morte e conmutada pola de 30 anos de prisión e pasa varios anos no cárcere da Coruña co pseudónimo de José María. Durante a súa permanencia alí, escribe e ilustra os libros infantís *Emar, Marsa e Sorom* e *Olguita*. Tamén ilustra dous libros máis: *Voces*, escrito por Enrique Martínez, poeta coruñés, e *Romance de Terras Pardas*, escrito polo poeta madrileño Manuel Martínez Remis,

Mario Granell con Colmeiro en Vigo, ano 1974.

ambos compañeiros de cela. Executa outros traballos artísticos, dá clases de debuxo e pintura e estuda no cárcere. Coñece a Justo Galán, debuxante de *Juventud Roja;* Carnicero, debuxante do *Mundo Obrero;* Jorge Tell, gran debuxante e arquitecto; Paco Comesaña, médico; Luís Cornide, avogado; Antonio Santamaria, industrial; Luís Vidal, xuíz; Luís Rufilanchas, deputado na República; e os estudantes Tomasín, Fernando Castelo e Mantiñán.

En outubro de 1943 recobra a súa liberdade física pois os cárceres franquistas enchéronse dos perdedores da guerra civil, e os axuizados antes do 1939 foron liberados. Comeza para Mario un calvario na España escura e paifoca do nacional sindicalismo. Na España dos vencedores e vencidos, na que el é un dos vencidos. Pero Mario é home espelido e cheo de recursos no seu maxín.

Comeza a traballar na Coruña realizando varios murais para o novo Cuartel de Sanidade. Decora a sala de festas *Miramar* e varios establecementos comerciais, debuxa para empresas públicas, pinta un mural lateral no pavillón do Museo do Mar e pinta murais en apartamentos privados.

Decora o Casino do Ferrol, o Hotel Compostela de Santiago e o Teatro Bergidum de Ponferrada.

Despois destes traballos, Mario Granell marcha á illa da Toxa para decorar o hotel do balneario. Contratado para a decoración do Teatro Fraga se instálase en Vigo.

Rematada a decoración do Teatro, pasa a formar parte do equipo. Fai deseños e escenografías, colabora con debuxos e artigos no xornal *La Noche;* obtén varios primeiros premios en concursos de cartaces en Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilagarcía e Santander.

Durante anos expón, con marcado éxito nas máis importantes cidades de Galiza e en diferentes puntos do resto de España, óleo, tinta chinesa, ceras, gouache, cerámica, caricatura e esmaltes sobre mosaico.

En 1951, celebra unha conferencia no Círculo de Artesáns de A Coruña co título "A arte no cartaz".

En 1952, Máximo Fernández, xefe do Negociado de Cultura

Mario Granell.

e Arte do Concello de Vigo, concede a Mario Granell a realización da cabalgata das Festas de Vigo, onde o tema a representar é a época de Enrique VIII e Catalina de Aragón. O seu traballo é altamente recoñecido pola súa extraordinaria capacidade de organización, vistosidade e elegancia. Tamén obtén o primeiro premio no concurso de carteis anunciadores das Festas do verán de Vigo. En novembro do mesmo ano, expón óleos en Vigo e Ourense.

En 1954, con motivo do Ano Santo, realiza tres cartaces para o Concello de Santiago, destinados á propaganda en Europa, América e España. En Pontecesures, encárganlle o cartel, folletos e decoración da "Cuarta Feira do Automóbil de Ocasión". O Concello de Vigo encárgalle un cartaz e un carimbo para a propaganda de "Vigo, Porta do Atlántico", así coma un cartaz e folleto turístico a cor e o cartaz e folleto da inauguración do aeroporto de Peinador. Tamén obtén o primeiro premio de cartaces das festas de verán de Vigo.

Debuxos de Mario Granell.

Mario Granell casa con Oliva Montero Ustarroz e desta unión nacerán dúas fillas, Oliva María, na actualidade en Caracas e Rosa María, que reside en Vigo.

1957, Venezuela

En abril de 1957 emigra a Venezuela, como moitos outros galegos, vascos, cataláns e españois, nun exilio voluntario obrigado polas circunstancias político-económicas existentes no Estado español neses anos.

Ao chegar a Caracas, todo é novo para este home innovador e que pasara polos cárceres franquistas. Comeza unha amizade co xornalista coruñés Manolo Ponte Regueira, que asinaba as súas columnas en *El Nacional* como Duende. Esta amizade será unha das máis entrañábeis de Mario en Venezuela até o día da súa morte. Reside en Caracas e no seu primeiro traballo é debuxante publicitario. Neste mesmo ano, Granell obtén varios premios, tres deles na colectiva nacional de cartaces do Museo de Belas Artes de Caracas, para a "Exposición Internacional de Caracas 1960". Nesta exposición

compite con artistas venezolanos e estranxeiros da calidade de Guillermo Heiter, Gert Leufert, Juan Alcalde, Alcock, Marcial León, Joaquín Wagner, Marcel Flores e Mateo Manaure. Conecta rapidamente cos artistas e intelectuais venezolanos e participa nas loitas antiditatoriais contra Marcos Pérez Jiménez.

O 23 de xaneiro de 1958, participa na gran manifestación de Caracas contra o goberno de Pérez Jiménez, que remata coa súa ditadura e a súa posterior fuxida.

Conta o seu amigo Manolo Ponte que os primeiros anos de Mario en Venezuela foron moi duros. Anos que superou pola súa grande capacidade artística, cultural, humana e o seu grandioso e fino sentido do humor. Intégrase ao Novo Mundo rapidamente e permite que a súa luz o invada. Durante anos traballa arreo, nada artístico é alleo para Mario. Publicidade, cartaces, decoración, murais, vidreiras; comeza, incluso, a escribir. É o inicio dunha etapa que o conducirá á total consagración como artista creador do seu propio estilo, o *granelismo*, onde porá, en palabras da súa filla Cachy, "de manifesto as súas extraordinarias dotes de poeta".



Capa do libro da edición venzolana de Fuxidos.

En 1962, traslada a súa residencia á capital do estado industrial de Carabobo, por cuestións de traballo e continuará vivindo en Valencia até o seu definitivo regreso a Galiza.

En Valencia, ademais, decora o restaurante privado *Tha Brum*, onde efectúa un magnífico labor e deixa plasmado, nos comedores principais, dous murais "dunha execución perfecta e dun lirismo extraordinario". Decora murais para vivendas privadas coma o mural realizado en Valencia para a familia Cendón en 1965, ademais de deseños de decoración para interiores e exteriores.

Mario Granell con Domingos García Sabell, na Coruña, ano 1986.

Ese mesmo ano é seleccionado para a colectiva "Pegaso", realizada no Ateneo de Caracas. O seu cadro "Pegaso y las Musas" é adquirido pola Mobil para a súa colección de New York. Nesta colectiva tamén expoñen artistas da talla internacional de Piero Massimo Costa, Boris Rudman, Virgilio Trompiz, Juliette Lussaguet, Emilio Celeiro, Rosa Alarcón, Jorge Gori, Pedro León Castro, Guillermo Heiter, Luís Muller Fontana, Gyorgy Illes Edvi, e Branko Jurisic.

A anécdota contada mil veces por Manolo Ponte conta dunha exposición de Mario Granell en Valencia á que fora o industrial e millonario venezolano Eugenio Mendoza. Abraiado quedou coa obra de Mario, e cando falando co artista, este dixéralle que foran pintadas coas pinturas industriais que Mendoza fabricaba, máis abraiado aínda.

Mario quedou contratado para a fábrica de pinturas que Mendoza tiña en Valencia dende aquel mesmo intre.

En 1966, as empresas Mendoza (Protinal en Valencia) solicitano para dirixir o departamento de publicidade, onde desempeña un extraordinario e recoñecido labor dentro e fóra de Venezuela.

Pero isto non lle impedirá ao inquedo e polifacético artista continuar con outros traballos. Expón en Caracas con marcado éxito acrílicos e tintas chinesas.

Ese mesmo 1966 chega a Venezuela o seu amigo o poeta Celso Emilio Ferreiro; sería este un feliz reencontro aínda que cargado de recordos e lembranzas.

En 1967, con motivo de "Las Ferias de Valencia", realiza o stand para as empresas *Dupont*, o cal obtén un primeiro premio. No Ateneo de Valencia celebra unha exposición individual de debuxos e dá unha conferencia sobre a importancia do debuxo na pintura: "Para desfacer, primeiro hai que saber facer", así titula Granell a súa conferencia. Ambos os feitos constitúen todo un éxito. Tamén viaxa a Colombia para realizar o stand que representará ás empresas Mendoza na Feira Internacional de Mostras.

En 1968, expón na Irmandade Galega de Caracas con motivo do 8º aniversario da súa fundación . Será o poeta e amigo de Mario, Celso Emilio Ferreiro quen faga a presentación do seu catálogo "Pórtico Cordial".

Feturval encárgalle dous carteis para a difusión en todo o país da "Feira das Feiras" (III Feira Industrial e IX Agropecuaria). Na mesma feira, realiza un stand representando as empresas Mendoza. Unha vez máis, a prensa venezolana destacaría o impecábel e magnífico labor do artista galego.

Mario Granell colabora en varios xornais e revistas de Venezuela e Costa Rica. Expón individual e colectivamente en diversas cidades venezolanas, compartindo sala con Pedro León Zapata, Oswaldo Guayasamín, Régulo Pérez, Ramón Martín Durban, Víctor Levison, o exiliado republicano Ras, Bartolí, Braulio Salazar, Luís Chacón, Josefina Aizpurúa, Héctor Chastre, Pili Taboada, Alejandro Ríos, Oswaldo Vigas, Vanna Gabetti, Tomás Golding, José Ortega, Luís Alfredo López Méndez, Armando Lira, Trino Orozco, Luís Ordaz, Gabriel Bracho, Luís

Debuxo de Mario Granell.

Tarxeta da exposición de Mario Granell en Venezuela, ano 1972.

Cárdenas, Conchita Firgan, Fernando Gueremberk, Isabel Salazar, Rafael Páez, Nery Garbán, Maruja Padrón, Armando Pérez e Luís Alfredo López, entre outros.

Nos anos 70 e 71, auséntase das galerías venezolanas e viaxa a Colombia, New York, o Estado español, Portugal, Francia e Londres.

En novembro de 1972, tras longos meses de arduo labor, expón de novo e faino na prestixiosa galería "Cristóbal Rojas", en Valencia (Venezuela). Nesta exposición, Mario Granell demostra, unha vez máis, que é un artista na máis ampla acepción, posuidor dun dominio absoluto do debuxo, da cor, da composición e dunha imaxinación portentosa de verdadeiro creador.

A partir deste mesmo ano, comeza un novo periplo e nos anos 73, 74, 75, 76, 77 expón con marcado éxito en Vigo, Pontevedra, Lisboa, Madrid, Buenos Aires, Bogotá, Caracas e Valencia en Venezuela.

En 1973, despois de 17 anos en Venezuela, Granell regresa a Galiza para expor os seus últimos traballos na Sala de Arte "Van Gogh" en Vigo. Desta mostra sairán tres obras para o Museo Quiñones de León. Esta será unha marabillosa ocasión para se reencontrar e atopar amigos que non vía desde había tanto tempo e coñecer outra Galiza a través doutra xente máis nova no campo das artes.

En 1974, expón na Sala de Arte da Caixa de Aforros Municipal de Vigo e efectúa dúas exposicións, unha na Caixa Rural de Pontevedra e a outra nos salóns do Banco de Bilbao co nome de "Semana de Pintura e Escultura", na cal tamén expón Imeldo Corral, Frau Guillot, Oliveira, Francisco Lloréns, Sucasas, Villafinez, Manuel Buciños, Piñeiro, Virgilio, Lodeiro, Limes, Deside, Pérez Bellas, Manuel Abelenda, Prego, Xavier Pousa, os irmáns Quesada, Mercedes Ruibal, Lago Rivera, Sotomayor, Arturo Souto, José Barreiro, Laxeiro, Colmeiro, Manuel Torres, Manuel Ruibal, Huete, Alfredo Souto, A. Heredero, Eiravella, C. Sobrino, Seijo Rubio, Grandío, Lugrís Vadillo e Aramburo, entre outros.

Tamén expón en Madrid, de onde sae unha obra para a Pinacoteca Álvaro Gil.

En 1975, expón en Buenos Aires e en Bogotá na "Sala Carrasco", de onde sae unha obra para a Colección Fundación Carrasco.

Mario Granell pronunciou conferencias, en varias entidades de Venezuela e da colonia galega, verbo Castelao, pintores e artistas galegos, venezolanos e españois, poetas galegos, venezolanos, españois e portugueses de onte e de hoxe. Dá clases de debuxo e pintura en Valencia (Venezuela). Participa, en diversas ocasións, como xurado en certames de debuxo, pintura, cartaces e poesía.

En 1977, inaugúrase a Galería de Arte *Da Vinci*, en Valencia, cunha exposición de Granell. Esta exposición clausúrase o día 20 de febreiro e o día 27 inaugura outra en Caracas, na galería *Viva México*.

Mario Granell con Celso Emilio Ferreiro, en Venezuela no ano 1970.

Presenta
Exposición

MARIO F. GRANELL
ACRILICOS
5 Nov. 1977
CARACAS

Ademais da súa faceta como pintor, Mario Granell escribe e publica un fermoso libro, *Estampas Amargas -Vivencias de una guerra civil* que, á parte de escritos seus e anacos seleccionados da obra de poetas de varias nacionalidades, contén vinte reproducións a toda cor de cadros seus. Este libro foi presentado no mesmo día da inauguración da exposición de Mario, titulada polo artista "HOMENAXE AO POBO ESPAÑOL", na galería *Viva México* de Caracas.

Granell escribe tres libros máis: *Canción de Angustia*, prologado polo seu amigo Celso Emilio Ferreiro, *Cajón de Minutero* e *Vientos de torería*.

Tamén en 1977, no mes de novembro, e auspiciado polo grupo Breogán, celebra unha exposición no Hotel Tamanaco de Caracas. Vinte obras de temas galegos. Na inauguración, fixo a presentación Juan Luís Sesto e Rodrigo Juanes esbozou a personalidade do artista.

En abril de 1978, a galería *La Trinchera* de Caracas presenta unha Exposición-Concurso organizada pola CASA DE ESPAÑA, conmemorativa do 47° aniversario da 2° República Española. Mario Granell participa fóra de concurso, como tamén o farán Ramón Martín Durbán, Víctor Levison, José Ortega, Régulo Pérez, Pedro León Zapata e o republicano español exiliado en Caracas, RAS.

En 1979, recibe a nova do falecemento do seu amigo, o poeta Celso Emilio Ferreiro, que regresara a Galiza seis anos antes, e cunha grande dor por tan irreparábel perda, Mario realiza unha extraordinaria obra que titulará "Llanto de dolor y rabia por la muerte de Celso Emilio". Moitos son os coleccionistas que intentan comprar esta obra, pero o pintor xamais se desprenderá dela; só en dúas exposicións, unha en Venezuela e outra en Galiza será exposta, nun cabalete e no centro da sala, como homenaxe ao gran poeta e amigo.

1980 é un ano de grandes acontecementos na Irmandade Galega de Caracas, nos que Mario Granell será peza fundamental. En xaneiro, réndeselle unha calorosa homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, ao se cumpriren trinta anos do seu falecemento. Granell é convidado pola directiva da Irmandade Galega para que dea unha conferencia sobre Castelao, que Granell titulará "Lembranzas de Castelao no remuíño do tempo".

En maio, celébrase a semana das Letras Galegas; por este motivo chega a Caracas o intelectual galego Xosé Filgueira Valverde para dar unha conferencia sobre Afonso X, o Sabio. Granell, nesta ocasión, realiza unha impecábel intervención e el mesmo fai a presentación de tan ilustre visitante, ao cal lle une unha vella amizade dende os tempos de pintor en Pontevedra.

En outubro, celébrase o 20º aniversario da Irmandade Galega de Caracas e será celebrado con espectacular programa sen precedentes. Dous grandes artistas galegos realzarán culturalmente o evento. Trátase da presenza de Castelao cunha exposición de 175 debuxos orixinais, patrimonio da Caixa de Aforros de Galizia. Noutra sala, unha mostra das últimas creacións de Mario Granell. Dous grandes da arte, dous galeguistas actuantes e practicantes na emigración e tamén grandes coñecedores da alma do seu pobo. Granell e Castelao foron amigos e colaboradores, as súas obras únenlles unha vez máis e a carón dun belo motivo: a maioría de idade da Irmandade Galega, institución onde eles teñen un santuario de devoción por parte dos seus paisanos", así comenta o xornalista e escritor galego residente en Caracas, Juan Antonio Iglesias, no xornal vespertino *El Mundo*.

En abril de 1981, expón no Centro Social Canario-Venezolano de Acarigua e en maio, no Centro Galego de Valencia; é a súa despedida.

Dítico da homenaxe de Mario Granell a Castelao en Caracas.

Debuxo de Mario Granell, ano 1973.

En agosto do mesmo ano, Mario Granell regresa definitivamente a Galiza, feliz pola volta á súa terra pero con tristeza por deixar Venezuela, a súa outra terra, que nada lle negou en todos os anos que nela viviu e onde tanto souberon valoralo e recoñecelo como artista e como persoa.

Morre en Vigo en 1991, dez anos despois de chegar á súa outra terra: a galega.

Escolma de escritos e poemas de Mario Granell

Carta aberta a Álvaro Álvarez Blázquez
Réquiem por Urbano Lugrís
por MARIO GRANELL

Señor
Álvaro Álvarez Blázquez
Vigo.

Querido amigo:

Ao abrir a túa última carta, un pranto de tristes algas e estarrecedor coro de carpideiras buguinas mariñas inundou repentinamente a miña estancia. Do rachado sobre da túa misiva xurdiron cen mastros de vellos veleiros que foron metamorfoseando ata se converter en elevadas e esteladas cruces, que dos brazos pendían fregando o aire coma xigantescos tules, para se perderen nun labirinto de grisáceas nubes, rancios velames e vellas redes curtidas con aromas de tódos os ceos e sales de todos os mares. Un xigantesco botafumeiro labrado con mil cunchas nacarinas cruzou a casa de punta a punta impregnando o ambiente acre olor a brea, resina de piñeiros humidade de pedra e musgo. Ondulantes hipocampos fregaron silenciosos para ir apagando na súa angustiada danza as estrelas de mar. Axiña o apousento foi unha desoladora paisaxe submarina no que ferruxentas áncoras indignadas abrían a golpes os mergullados cofres de antigos naufraxios, para que brillantes e acendidas bágoas brotaran deles, dándolle así máis angustia ao

mar. Polas paredes do meu estudio, por sobre das lámpadas e o cabalete de traballo foron estendéndose ata cubrilo todo, ata afogalo todo: densas nubes aceiradas -non sei de auga ou lama- a través das cales, borrosamente, apareceron as elevadas siluetas do Pico Sacro, Monte Lobeira e O Pedroso parindo das súas entrañas múltiples e estrañas figuras que, con lentos movementos, iniciaron caladamente, silenciosamente, un lúgubre peregrinar cara aos vales e os ríos para se dirixiren ao pélago inmenso. Conforme foron chegando ás costas e antes de perderse na escura profundidade do mar en loito, puiden recoñecer algunha daquelas acougadas e silentes criaturas. Xelmírez, Benito Soto, Martín Códax, Quevedo, Merlín. Manuel Antonio, De Chirico, o Mestre Mateo, Lino Villafínez, Don Frontán (o da "viaxe e fin" de Rafael Diente), Buscón Poeta (o de Eduardo), a lexendaria "tía Eulalia" (tan súa!), Don Ramón María del Valle Inclán, o Marqués de Bradomín, Cara de Prata, Don Juan Manuel de Montenegro, o voluminoso e santiño Pepe Aramburu (de similar continente e maior contido báquico), co que durante a guerra civil cruzou ampla correspondencia, utilizando as máis extravagantes tarxetas postais conseguidas en todos os estancos e mercerías da España en guerra, e que invariabel encabezaba así: "Meu estimado e Reverendo Padre Pepe", "Lembrado Monseñor"; o escaiolista Coto e o debuxante Álvaro Cebreiro, cos que se iniciara nos máxicos mundos da bohemia andante e pensante; Saturno Escudero, bo escultor e mellor libador, que un día -aproveitando o apelido- cóubolle en sorte facer de Sancho, mentres o noso ausente convertíase en Alonso Quijano, apuñalando inmisericorde os bocois dunha tasca coruñesa...

Opresión , Estampas amargas, ano 1969.



A calada comitiva procesional faise interminábel. Agora é un aguerrido sarxento orlado con circenses mostachos,

Óleo de Mario Granell.

co cal un día quixo bailar un valse nas festas patronais de Carral. Detrás, con camiñar suave coma iniciación de voo, dúas monxas de azulados amplos hábitos e albas tocas ao vento (unha vai bordando ondadas sobre pano de Padrón, a outra tanxe unha viola); a continuación, sobre unha carroza en forma de xigantesca buguina arrastrada por rubia parella de touros de Brabanza, un grupo de rexos e encarnados clérigos rompe o silencio e o ceo, entoando a coro "A Rianxeira", que o artista lles fixera cantar un bo día de xacobea peregrinación en plena Praza da Quintana..., anxos transparentes portando prateadas áncoras en forma de cruz, sereas ataviadas con voantes redes negras, tristeiros facendo soar o chascarrachás das cónchegas de vieira, vellos fareiros de longas barbas e complicadas tatuaxes, fachendosos tipos da antiga pirataría, cargando sobre os seus ombros pequenas barricas de oloroso ron xamaicano; roxos grumetes levando a modo de incensarios, xigantescos fanais de perdidas carabelas; peregrinos de parda estameña e acanaladas vieiras sobre a esclavina... e detrás destes, nun camiñar titubeante, apartados de todos, angustiosamente sós, uns fermosos e pálidos fantoches de monicreques, ataviados con estridentes belas roupaxes multicores; bágoas mesturadas con serraduras van destinguindo os seus rostros de inxenua picardía; van chorando a ausencia do seu creador. Foron obra del. El denlles vida e voz. Paseounos fai xa monos anos polos teatros do norte de España. Vigo fora a segunda cidade que coñeceran, guiados polas súas máxicas mans.

A lenta, heteroxénea peregrinación, á que dan peche os lánguidos e descoloridos fantoches, desaparece no negro e funerario mar de decembro. Van todos ao seu encontro, van a buscalo, a esperalo. Pero non o atoparán. El non está no mar. Que mar? El non ten máis que un mar, o mar seu, o extraordinario e fantástico mar que el creara; e ese mar deixóunolo aquí, regalóunolo feito milagre artístico, deixóunolo convertido en luz e cor, en delicado encaixe, xoia creada pola súa exuberante e delicada imaxinación; está aquí, con nos e para regalo de xeracións futuras. A el que non o busquen en ningún mar.

Ese aciago día 23 do Nadal galego, antes de alzar o definitivo voo, elixira de antemán o lugar cara ao que se dirixía. Se

aquí creou un mundo totalmente seu e nos legou un mar exclusivamente seu, el mesmo, estou seguro, coa súa extraordinaria capacidade e sensibilidade artística, creará un lugar para descansar ao seu gusto e maneira. Eu así llo desexo, e á vez que choro a súa ausencia, doulle grazas pola obra que nos deixou.

Lamento non ter estado con vosoutros para dicirlle un adeus emocionado.

Valencia, Venezuela, xaneiro 1974.

Procurando sempre mañás

Venezuela, 1970

Voltar...?
Cara a onde e
a que?
Se o camiño do retorno foinos roubando o tempo e
en lugar
do noso bosque hai un bosque de cemento;
e
alí
onde estivo o río non hai máis que
unha chaira erma.
E
aquel barrio
no que todos
conxugabamos
o verbo amar,
que era
todo o verbo noso,
non ten voces
nin amor,
apagárono
con ferros.
Por que voltar?
Cara a onde...?
se xa non hai ponte
nin río,
nin ceo
é o mesmo ceo,
e o muíño está pechado
porque emigrou o muiñeiro.

Cadro de Mario Granell, propiedade da Secretaría de Cultura da Irmandade Galega de Venezuela.





Non,
non quero voltar,
pois sei
que
se un día volvo
e me vexo,
pobre illa,
rodeado de lembranzas,
pode engulirme a mar
tremenda
do desacougo.
Quero seguir adiante
contra a choiva e o vento.
Quero beber
brancas nubes
sen idade
de ningún tempo.
Procurando sempre mañás.
Gañándolle ao minuteiro,
dicindo: mañá vivo!
Inda que el
diga
que morro.

(Poesía orixinal en español)

Óleo de Mario Granell.



Epílogo

Que Mario Granell pretendera reencarnarse nun grelo non é unha broma, ou si é unha broma. Nunha entrevista a un medio de comunicación galego-venezolano afirmaba, se cadra recordando as palabras de Castelao en *Alba de Groria*, que gustaría de se reencarnar nun grelo.

O seu íntimo amigo, Manolo Ponte, *Duende*, dixera ante esta afirmación que, de volver a nacer, Mario, no que debería reencarnar era en folla de cepa de ribeiro. Estes dous grandes amigos de antes da emigración a Venezuela, se cadra reencarnaron nestas breves páxinas da historia da emigración galega en América.

José María Mosqueira Manso

Corme, 17 de outubro de 1886 / Caracas, 18 de maio de 1968

Explorador, biólogo, cartógrafo e cormés universal

"Galiza nunca tivo de Madrid a atención que precisaba. É que na capital de España viven moi lonxe do litoral e, polo tanto, de costas ao mar; e coido que moitos políticos crerán que a lagosta, a ameixa e a pescada que lles serven moi fresquiñas nas súas mesas, e que con tanta fatiga rañan dos fondos mariños os nosos abnegados e humildes pescadores, nacen e se desenvolven nas árbores ao igual que a pera e o pexego".

A vida do capitán Mosqueira Manso deixa pequena a de calquera aventureiro do cine. Ictiólogo, cartógrafo, biólogo, historiador, mariño. A Mosqueira Manso debemos a honra, en pleno século XX, de que moitos dos mapas realizados por vez primeira en Venezuela e na República Dominicana levasen a sinatura deste ilustre cormés. Estudoso das tartarugas do Orinoco, o seu traballo verbo as tartarugas arrau (*Podonermis echspensa*) e o descubrimento das tartarugas albinas, hoxe, medio século despois, continúa a ser de gran valía para os estudos destes réptiles .

Este breve limiar dá fe do abraio que xera a figura de José María Mosqueira Manso entre as persoas que se achegan a ela.

A vida fóra do seu natal Corme para José María Mosqueira comezou cando cumpriu os 8 anos. A esa idade marchou cos seus pais cara a Santiago para ingresar no seminario, no que pasou cinco anos.



Portadas de libros de José María Mosqueira Manso.

Polo que devecía o rapaz José era pola mar, e tanto devecía, que o seu pai o embarcou nun pequeno barco de vela que adoitaba viaxar cara a Xixón dende a pequena vila mariñeira de Corme, e así comezou a carreira marítima deste home de letras, mares, microscopios e mapas chamado José María Mosqueira Manso.

Mosqueira ingresou na Escola de Náutica e, ao rematar os seus estudos, embarcou nun barco de tres mastros que desprazaba 300 toneladas, barco sen igual na pequena vila de Corme.

Embarcou como agregado, coa obriga de facer no mar 200 días de vela e outros tantos de vapor para ter dereito a facer a proba de piloto.

A súa primeira viaxe de altura foi desde a Guinea Española até a República Arxentina. 109 días a través do océano. A viaxe desde Fernando Poo até Buenos Aires prolongouse debido á ausencia de vento; porén, os agregados coma Mosqueira aledáronse, porque eses días eran "días de mar" e a ese paso axiña poderían examinarse para ser pilotos. Despois quedaban os días de vapor, mais por aquelas datas interesaban máis os barcos de vela que os de vapor.

Para ser capitáns aínda quedaban moitos días para viaxar sobre as ondas. José Mosqueira Manso foi capitán da mariña mercante aos 25 anos, casou ese mesmo ano con Honorina Vecino, e tivo o seu primeiro fillo, Manuel, o ano seguinte e outro máis, Francisco, aos 21 meses de celebrado o matrimonio.

O seu primeiro libro foi *El Patrón de Cabotaje*. Pasan algúns anos e Mosqueira Manso é capitán con mando. Ocupa varios cargos oficiais como axudante militar de mariña en Viveiro e Ortigueira.

Estudou a fauna do litoral sahariano contratado por un consorcio pesqueiro privado e publicou tres cartas de pesca de España, unha de carácter xeral, *Costas sur española y portuguesa hasta Cabo Blanco del Sur (África)* e dúas particulares, *Caladero de Cabo Jubi (África)* e *Caladero de São Vicente (Portugal)*.

Empezou a compaxinar a navegación con escritos de carácter divulgativo e científico en revistas especializadas de Vigo e en Vasconia Industrial y Pesquera de Donostia, en 1929; o seu traballo *Biología de la merluza. Sus variaciones sexuales*. Su pesca, foi premiado pola Sociedade Oceanográfica de Guipúscoa co primeiro premio en concurso aberto en 1935.

Mosqueira Manso deixou a navegación en 1931, data na que obtivo o título de oficial da Reserva Naval Española, e pasou a ser capitán de porto en Sevilla e subdelegado marítimo e de pesca de Santa Uxía de Ribeira. Estando en Ribeira estoupou a guerra.

Mosqueira pertencía ideoloxicamente, aínda que non militaba en ningún partido nin tiña ningún cargo político, ao bando republicano. Fuxiu do lado fascista no que permanecera ocupando un cargo público outorgado pola legalidade republicana. Decide abandonar a loita fratricida e aceptar as ofertas laborais que dende anos atrás recibira da República Dominicana; xa daquela deprimido pola guerra e pola morte da súa compañeira, marcha cara ao exilio, do que nunca máis volvería.







PROLOGO

En el Bajo Orinoco....

....allí, en el transcurso de diez años, viví permanentemente durante tres y lo visité por meses enteros en distintas oportunidades.

Apenas arribé a aquella región por primera vez, todo me pareció distinto a cuanto hubiese visto y al ritmo mismo del resto de la República. Todo lo juzgué digno de anotarse por lo original, interesante y curioso.

Pero, poco a poco me fuí adaptando a aquella vida, fuí sintiendo tan vivos peligros, palpitaciones y costumbres, que algún tiempo después, sentí aquello tan familiar, natural y corriente, que consideré absurdo mi proyecto.

Por espacio de algunos años más, después de mi regreso a Caracas, seguí con esa última impresión, hasta el extremo que jamás quise hablar ni referir de mis allí vividos conocimientos. Y cuando lo ensayé, las miradas me demostraban que mis oyentes sollan dudar de mis relatos.

Ahora, cuando los pueblos aspiran a nuevas orientaciones y tanto se espera de la nueva evolución a la

Dedicatoria de Mosqueira Manso do ano 1954 ao "Centro Galego" de Caracas.

A guerra

O primeiro día de xullo de 1937, Mosqueira Manso toma o tren na Coruña cara á fronteira francesa.

O embaixador dominicano ante a República española, que residía en Hendaia cos demais embaixadores ante a República Española, foi despedilo despois de darlle os seus documentos e a súa nova nacionalidade dominicana como salvoconduto.

Chega a Bordeos e embarca nun barco da Compañía Transatlántica Francesa. Viaxa contratado polo Goberno do ditador Trujillo, con todos os gastos cubertos e co pasaporte dominicano no peto. Moitos outros, como Mosqueira Manso, descoñecían a clase de réxime que detentaba o poder na illa dominicana, uns máis axiña que outros (Galíndez e Almoyna foron asasinados) abandonaron a illa ao pouco tempo noutras direccións, cara a outros países.

Mosqueira Manso chega a Puerto Plata, o segundo porto ao norte de Santo Domingo. Atravesou toda a illa, de norte a sur, até a capital, Santo Domingo, que daquela se chamaba Ciudad Trujillo, nome co que o sátrapa no poder a bautizara.

O presidente Trujillo, que tan maxistralmente describiu Mario Vargas Llosa en *La fiesta del Chivo*, incentivou a chegada de refuxiados políticos republicanos á República Dominicana. De todos é coñecida a chegada de homes cun grande relevo político, cultural e intelectual como Jesús de Galíndez, Alberto de Paz y Mateos, Ramón Suárez Picallo, o profesor Almoyna de Lugo ou Eugenio Fernández Granell, entre outros republicanos que máis tarde ou máis cedo tiveron que abandonar a illa debido ao carácter despótico do alcumado presidente Chapita, tamén coñecido coma o "Benefactor", Leónidas Trujillo.

Mosqueira desenvolvía o seu labor como técnico pesqueiro, recibindo ordes directas do ditador Trujillo, co cal departía acotío. Posuía, dentro da xerarquía gobernamental dominicana, o rango de ministro sen carteira.

Levantou moitas cartas de pesca e mapas das costas da República Dominicana; moitos dos mapas, asinados polo propio Mosqueira, adornaban as paredes das oficinas de Trujillo e do seu pazo presidencial.

Navegaba co xeneral Trujillo no iate Ramfis (nome tamén do fillo menor do presidente), o que é proba da admiración que sentía por este cormés o ditador dominicano.

Porén, a admiración non era mutua, e Mosqueira aproveitou o final dos tres anos de contrato para fuxir de Trujillo e marchou cara a Venezuela, onde soprarían ventos máis propicios para os republicanos co recoñecemento da legalidade da República española a partir do golpe de Estado da Xunta Revolucionaria de Goberno de 1945 presidida por Rómulo Betancourt e que tiña como un dos seus membros o político anteriormente exiliado na Galiza con Rómulo Gallegos, Gonzalo Barrios.

Venezuela, 1940. As tartarugas arrau (*Podonermis echspensa*)

Mosqueira Manso é unha tatuaxe na Venezuela. A súa pegada na cartografía, na bioloxía mariña ou mesmo como guía de Camilo José Cela, que retratou a Mosqueira en *La Catira*, dan unha imaxe da importancia deste cormés universal.

No alto do río Orinoco descubriu e catalogou mexillóns xigantescos. Dentro dos descubrimentos naturais destaca o das tartaruguiñas albinas.



Mosqueira Manso con exemplares de tartarugas arrau (podermis echspensa).

As tartarugas arrau (Podonęrmis echspensa) do Orinoco, cando chegaba a época de pór os ovos, deixaban as augas do Orinoco e subían pola praia abondo para que as subidas do río non acadasen os seus niños pero, asemade, non ían demasiado lonxe para que os tartaruguiños tivesen tempo de alcanzar a auga cando saísen do ovo.

As aves de rapina axexaban, e aínda que os tartaruguiños trataban de correr, moitos ficaban no camiño. Nunha desas noites, na que a multitude de tartaruguiños amoreados trataba de acadar as augas do Orinoco, Mosqueira observou, na escuridade, algo que brillaba. Eran o que máis tarde serían os célebres tartaruguiños albinos. Eran dous tartaruguiños pequerrechos que se distinguían dos outros pola súa brancura.

O capitán Mosqueira, ademais do seu cargo co goberno venezolano, era membro da Sociedade de Ciencias Naturais de Lasalle. Pronto houbo movemento entre os científicos, e a prensa falou dos tartaruguiños.

Mosqueira Manso, foi o primeiro estudoso das Tartarugas do Orinoco de xeito científico.

O seu amor polo Orinoco e as tartarugas arrau (*Podonermis echspensa*), fíxolle pensar que o mellor que podía facer na súa vida era ficar ás beiras do río Orinoco, co seu metro, a súa báscula e o seu magnífico reloxo e co agarimo dos indios que lle axudaban, tan afectivos, tan humanos, tan bondadosos.

O capitán Mosqueira co seu metro medía a altura e o largo do niño, o tamaño dos ovos, a distancia entre o río e o niño, e o que fixese falla. Coa báscula pesaba os ovos e os tartaruguiños ao nacer e, cando medraban, convertíanse nunhas señoras tartarugas que puñan de 80 a 100 ovos.

Desta época, 1943, son os seus traballos *Superficie y profundidades del río Orinoco* e os mapas ilustrativos, o libro *Ostras y perlas de Margarita*; centos de escritos en xornais e revistas de España, República Dominicana e Venezuela.

Fundador do Lar Galego de Caracas

Os exiliados republicanos tiñan moitos problemas co seu desenvolvemento como colectivo en Venezuela. Tíñano antes de chegar, a súa chegada tamén fora traumática, pero aínda así, unha vez en Venezuela tentaron organizarse en centros colectivos.

O goberno venezolano non daba a autorización para que eles puideran asociarse, pois consideraban que eran perigosos polas súas ideas esquerdistas, e a lei prohibía taxativamente as actividades políticas dos estranxeiros. A Casa de España (republicana), Centro Vasco (Caracas'ko Eusko Etxea) e o Centro Canario foron as primeiras organizacións permitidas coa prohibición expresa de calquera actividade política en terra venezolana e unha estrita vixilancia por parte das autoridades.

Mosqueira Manso, xunto a unha ducia de galegos de carácter progresista fundou, o 9 de febreiro de 1945, o Lar Gallego.

Na Memoria do Ministerio de Relacións Interiores, 1945-1946, p. LVII, subliñan a profunda relación do presidente e escritor Rómulo Gallegos Freire, descendente de galegos e que pasara tres veráns exiliado en Beluso (Bueu), e o ministro de Relacións Exteriores, o poeta Andrés Eloy Blanco Meaño, descendente tamén de galegos e afervoado defensor da República española.

Mosqueira foi elixido presidente entre os 49 socios fundadores. O fillo do capitán Mosqueira, Fernando, recrea o intre así: "Os 'catro gatos' que fundamos o Lar Galego de Caracas naceramos, todos, en Galiza e, na nosa primeira xuntanza da Xunta Directiva, acordamos por unanimidade que, mentres estivésemos no Lar, falariamos a lingua de Rosalía, Pondal e Castelao".

O Lar precisaba unha casa, unha casa abondo ampla. Durante algún tempo, usaran os locais do Centro Canario e da Casa de España.

O día da fundación da sede do Lar apareceu por sorpresa o escritor (que tres anos despois sería presidente) Rómulo Gallegos Freire e o que sería o seu ministro de Exteriores Andrés Eloy Blanco Meaño; foron nomeados inmediatamente, ambos os dous, socios de honra.

O mesmo fillo de Mosqueira conta a anécdota do seguinte xeito: "O meu pai, que viaxara moito, tiña o costume de levar unha pequena Kodak no peto e en calquera lugar quitaba fotografías (era un namorado da fotografía), e, que aconteceu?..., pois quixo a casualidade que o meu pai viaxase pola provincia de Pontevedra e, en Bueu e o seu contorno, quitara varias fotografías.

Tamén por casualidade, e falando de viaxes e lugares, meu pai mostroulles a Don Rómulo e á súa esposa, Dona Teotiste, esas fotografías. Esta, ao velas, lanzou unha exclamación de xúbilo. Dona Teotiste dixo, dirixíndose ao grande escritor: 'Olla Rómulo! non che trae isto lembranzas? Olla esta árbore, neste carreiriño e o prado que está á dereita. Cantas lembranzas, que fermosos recordos! Lémbraste daqueles seráns, cando paseabamos por Bueu?'

Don Rómulo colleu as fotos e mirounas, detidamente e con emoción:

—Si, muller, lembro estes lugares e os nosos paseos ao solpor, e lembro a xente, a boa xente que moraba neses lugares. Eran galegos, coma os meus avós maternos. Lémbroos a todos con agarimo".

Pero a historia non perdoou a Rómulo Gallegos. E o seu democrático goberno, de só uns meses, foi derrocado por un incruento golpe militar presidido por Delgado Chalbaud, Lovera Llopís e Marcos Pérez Jiménez.

Capa do libro de Camilo José Cela "La Catira".



Mosqueira Manso con indixenas piaroas.

De capitán Mosqueira ao capitán Cerdeira de *La Catira*

O primeiro e derradeiro magnicidio da historia venezolana foi o de Delgado Chalbaud, magnicidio nunca resolto. A presidencia foi ocupada polo coronel Marcos Pérez Jiménez. El, e sobre todo o seu ministro do Interior, Ernesto Vallenilla Lanz, foron os encargados de tratar de opacar a figura do literato que derrocaran uns anos antes.

Vallenilla contrata a Cela (casualmente) para tratar de opacar a novela de Gallegos *Doña Bárbara*. Para *La Catira*, Cela viaxou ás chairas venezolanas coñecidas como llanos. Un llano é o equivalente á pampa arxentina.

Camilo José Cela, o tempo que estivo nos Llanos do estado Apure empregou os coñecementos de Mosqueira Manso para que lle servisen de guía, ou como din os venezolanos, de baquiano.

Encantado ficou Cela nese bravo lapso de tempo da natureza e de Mosqueira, tanto así que Mosqueira quedou como un dos protagonistas de *La Catira* co nome de "capitán Cerdeira".

Mosqueira en *La Catira*

"O capitán Cerdeira navegara os sete mares. O capitán Cerdeira -pequeniño e rexo, delgado e voluntarioso- era un bo celta mariñeiro e moinante, que decote quería ver o que ficaba alén do horizonte.

—Estamos no reino dos caribes (nome venezolano para as pirañas), amigo meu, o río Apure é todo el unha inmensa "caribera".

—Si, señor.

—E tanto! Quen caia á auga por estas latitudes, non o conta.

—Si, señor.

O capitán Cerdeira, de pé no bongo, que xa é difícil, semellaba o nobre porte dun vixía do tempo dos descubrimentos. Evaristo quixo ser orixinal.

—Capitán, sabe vostede o que penso?

O capitán Cerdeira fitou a Evaristo con certa estrañeza. O capitán Cerdeira non sospeitaba que Evaristo pensase.

—Non, que pensa vostede?

Evaristo tomou alento; despois, sorriu.

—Pois penso que ten vostede o nobre porte dun vixía do tempo dos descubrimentos.

O capitán Cerdeira ensaiou un condescendente aceno de aprobación.

—Grazas, Evaristo...

Evaristo, antes Camilo, aquel galego do discurso, andou unha tempada polo Orinoco, acompañando ao seu paisano o capitán Cerdeira, o home que máis sabía de tartarugas en todo o universo."

Velaí a descrición cuspida de Mosqueira Manso vista a través dos ollos e da pluma de Camilo José Cela durante a súa estadía en Venezuela.

A pegada de Mosqueira transcende o ámbito do exilio e da colectividade galega en Caracas. O seu labor científico en traballos sobre dos tartaruguiños albinos, as tartarugas arrau (Podonermis echspensa) ou mesmo os estudos de rendibilidade



Mosqueira Manso de vello, en Venezuela, a súa derradeira imaxe.

do cultivo de ostras no mangle da illa de Margarita, fan de Mosqueira un adiantado no eido da investigación mariña, ademais da valiosa achega, no exilio, que fixo cos seus traballos sobre a industria de extracción pesqueira para Galiza.

Mosqueira Manso, inútil e desgrazadamente esquecido polo pobo galego, é aínda hoxe un referente nos estudos biolóxicos de Latinoamérica.

Morreu en Caracas coa lembranza da súa compañeira Honorina Vecino, morta en Corme en 1918, á que dedicara o seu libro verbo as orixes galegas de Cristovo Colón, e a compaña dos seus fillos Paco e Manolo.

Alberto Puente García

A Coruña, 8 de marzo de 1918 / Caracas, 3 de maio de 2004

Unha vida consagrada aos máis altos valores

Augusto Rebollo Sánchez era cabo, pero non o "Cabo do mundo", senón simplemente cabo. Era, xa non é, secretario do Xulgado de Testemuños da Capitanía Xeral da Primeira Rexión Militar, do que era xuíz o tenente de infantaría Jacinto Sánchez Blanco.

Augusto Rebollo Sánchez, que era cabo, e secretario do xulgado de testemuños...certifica que na causa número III459, aparece unha sentenza que di así: "SENTENZA.- Na praza de Alcalá de Henares, o 3 de novembro de 1944.- Reunido o Consello de Guerra Ordinario de Praza, para ver e resolver a causa número III459, instruída polo presunto delito de actividades clandestinas de carácter comunista, contra os procesados Alberto Puente García, de 25 anos, solteiro, estudante, fillo de Cirilo e Josefa, natural e veciño da Coruña....

Dada conta da causa polo instrutor, oídos os informes do Ministerio Fiscal e da Defensa,, e as manifestacións dos procesados presentes no acto da vista, e.- RESULTANDO: Probado e así se declara que os procesados..."formaron parte integrante do Comité do Partido Comunista que se constituíu a fins de 1940 na Coruña, desenvolvendo intensa actividade de captación de adeptos, especialmente entre aqueles que tiñan antecedentes extremistas e pasaran por prisións ou campos de concentración; que, continuada a acción deste comité até a data en que foron detidos os seus compoñentes con anterioridade a esta, no outono de 1941, se modificou a súa composición sendo substituído...por

Leopoldo Alas, neto do escritor "Clarín" cortándolle de broma a cabeza a Alberto antes que chegasen os fascistas.

Alberto Puente García, pasando o antes citado a desempeñar o cargo de responsábel dunha "troica". Desde ese momento foi o citado Puente quen tivo unha actuación máis destacada na distribución do 'material' de propaganda na captación de militantes; que Alberto Puente García, de antecedentes extremistas...

DITAME DO AUDITOR.- Excmo. Sr. Examinada a presente causa nº 111.459. e.- RESULTANDO: que nesta recaeu sentenza de MORTE aos procesados, Alberto Puente García...como responsábeis en concepto de autores dun delito CONTRA A SEGURIDADE DO ESTADO, previsto e penado no artigo 3º da Lei do 29 de marzo de 1941, coa circunstancia de gravidade contida no último inciso do citado artigo...

...RESOLVEMOS que debemos condenar e condenamos ao procesado Alberto Puente García.á pena de MORTE e accesorias legais no caso de indulto...

...ACORDO DO CAPITÁN XERAL.- Conforme co ditame do meu auditor e polos fundamentos xurídicos que nel se expresan, aprobo a sentenza ditada polo Consello de Guerra que viu e resolveu esta causa, pola que se lles impón aos procesados ALBERTO PUENTE GARCÍA...como autores dun delito contra a Seguridade do Estado, a pena de MORTE...

Pase o procedemento á Asesoría Xurídica do Ministerio do Exército, suspendéndose a execución das penas capitais impostas aos procesados Alberto Puente García ata que se resolva o que en xustiza proceda..- O capitán xeral.- Asinado - Ilexíbel..."

"Sobre Puente incidían os odios do xeneraliño, o coronel e a policía. Pero o seu expediente estaba, ao parecer, en auditoría aínda", comentaba Melquisedec Rodríguez Chaos en *24 años en la cárcel.*

Alberto Puente, por decisión do Consello de Ministros, viu conmutada a súa sentenza de morte pola de 30 anos de prisión.

E Augusto Rebollo Sánchez, cabo primeiro de Infantaría e secretario de campos de concentración, na prisión madrileña da rúa Porlier, no Xulgado da Capitanía Xeral da Primeira Rexión Militar, da que era xuíz un tenente, continuou a súa vida, camiño cara á súa morte. E Alberto, para a súa morte, para continuar un sucedáneo de vida, que empezou en Alcalá...e durante moitos anos en Burgos.

Alberto Puente García naceu na Coruña o 8 de marzo de 1918. En 1933, dous anos despois de proclamada a República española, vivía en Madrid, cidade na que se graduou como perito mercantil.

O 18 de xullo de 1936, data da sublevación contra a orde constitucional e legal da República española, Alberto encontrábase na capital do Estado español e incorporouse como voluntario ás milicias do Quinto Rexemento na fronte de Somosierra, fronte que estaba resistindo os embates da ofensiva fascista para a toma da capital.

En novembro de 1936, foi seleccionado xunto a un grupo de combatentes para organizar en Levante a 22º Brigada Mixta do Exército Popular baixo o mando de Francisco Galán, irmán do capitán fusilado en Jaca. Alberto Puente pertenceu ao seu Estado Maior.

Tarxeta de puño e letra de Alberto: "Aos meus pais o seu fillo que loita pola súa liberdade".

En decembro de 1936, a 22° Brigada Mixta do Exército Popular foi formada en Gandía, lugar no que estaban organizando un par de batallóns desa mesma brigada.

A maioría dos oficiais que constituían o mando, así como os que encadraban as unidades-compañías e batallóns- procedían de Madrid. Francisco Galán seleccionáraos entre os combatentes máis destacados polo seu valor ou pola súa capacidade organizativa nas operacións dos primeiros meses da serra, Somosierra, Buitrago, etc.-

Aquí, ademais de Alberto, estaba o seu irmán Ángel, valoroso e famoso garda de asalto que, despois de formada a brigada, volvería a Madrid. Baig, Lingo, o cubano Alberto, o médico Marzoa, o comandante Carano, o ex toureiro Litri Segundo e o topógrafo Carlos Llorens.

O embrionario corpo do Estado Maior da 22° Brigada ocupaba un sinxelo apartamento na entrada a Gandía.

Francisco Galán, Paco, sería unha das persoas que máis impulsarían a carreira militar formal, entre elas a de Alberto, a través da educación en escolas para oficiais en campaña. Era Paco, como lle chamaban os seus compañeiros, alto, co pelo cortado ao rape. Tal vez dez anos máis vello que o fato de mozos que formaban o seu Estado Maior. Correcto e educado na conversa. Nunca recorría a tacos nin blasfemias. Era todo o contrario ao que para aquel entón era considerado "o imprescindíbel atavío dun xenuíno revolucionario".

A 22° Brigada Mixta, unha das primeiras en ser creada, constituíu o que sería en diante a base do Exército Popular da República. Con voluntarios de Valencia, tanto da capital como das vilas, formouse esta primeira brigada. Estes, tanto soldados como mandos, uns xa curtidos nos combates da defensa de Madrid e outros recrutados entre as filas de sindicatos e partidos

antifascistas valencianos, lograron formar os catro batallóns necesarios para conformar a 22º Brigada Mixta, á fronte dos cales se encontraban os comandantes e capitáns: Alba, Alberto, Ponce, Carano e Litri.

Na Fronte de Teruel

Valdecebro

Recibiu Alberto o bautismo de fogo na ofensiva desencadeada polo Exército de Levante no sector de Valdecebro, nos arredores da cidade de Teruel. Quince ou vinte casas constituían o pequeno núcleo rural. Desde alí albiscábase un amplo horizonte: cara ao oeste, o Mansueto, en mans dos facciosos, a pouco máis de quilómetro e medio do posto de mando da brigada. Cara ao sur estendíanse unhas pequenas valgadas, ata chegar ás liñas de ferrocarril de Valencia a Teruel. Era este o terreo conquistado había pouco polos batallóns da 22º Brigada. Máis lonxe, podíanse ver os cumes de Puerto Escandón, lugar no que acampaban, desde o mes de agosto, as columnas anarquistas.

O Estado Maior, ademais de Gonzalo Castelló que era o xefe, integrábano Dasoy, activista da FUE; os mestres Armengod, Aranguren e Calpe; e Alberto Puente e Manolo Baig, que nese momento non tiñan tarefas determinadas, polo que foron destinados á sección de metralladoras como mandos medios. Como delegado político estaba Vicente Marín, quen, ao rematar a guerra, emigrou á URSS, aínda que regresou a España cos prisioneiros da División Azul a bordo do *Semíramis* en 1956.

Outros membros eran Angelita Soler que, tempo despois, na retagarda, contraería matrimonio co secretario de Organización do Partido Comunista de España, Pedro Checa, asilándose en México despois da guerra. O carteiro Félix Fernández, o alemán Max Salomon e como xefe da unidade en funcións, pola ausencia de Galán, o comandante Francisco Alba.

Tamén se encontraba adscrita ao Estado Maior a sección de Traballo Social, a cargo do oficial Lorente. A súa función consistía

Alberto nun niño de metralladoras, Fronte de Teruel.

en dirixir o xornal titulado *En Marcha* e organizar, diariamente, a emisión de Altavoz da Fronte, emisión que tiña como obxectivo facer chegar, ata as filas inimigas, os comentarios e as noticias da guerra dos republicanos.

Tamén se encontraba con eles o artista Valentín Uríos, que resultou ser un valioso colaborador sobre todo nos meses que seguiron a Alfambra e Cedrillas, realizando pancartas, cartaces e mesmo escribindo crónicas e reportaxes da guerra.

A etapa de Valdecebro foi a que tivo un carácter máis marcadamente miliciano para a 22° Brigada. A actuación de Galán, temeraria e valente ate caer ferido, na vangarda cos seus soldados é unha mostra de quén comandaba e cómo comandaba.

O establecemento en vangarda do Estado Maior da Brigada, a escasos metros do inimigo, a tiro de fusil, e desde logo, tamén de todas as demais armas.

No posto de avanzada non había electricidade. Velas e rudimentarias bombonas eran as únicas fontes de luz.

Das vinte vivendas que compoñían Valdecebro, só había tres habitadas. A esas tres vivendas, aos seus habitantes, a 22ª

brigada entregáballes a "subministración en frío" que a intendencia lles subministraba, ademais de diñeiro, e recibían por iso comida e cea quentes, e roupa limpa.

O xantar, lembra Alberto, case sempre foi o mesmo...pero foi o mellor de toda a guerra. Estaba composto dun anaco de pan, que era partido en dúas rebandas pola súa metade, ao que se lle colocaba abundante manteiga, e encima marmelada inglesa; lémbraa como a mellor etapa da guerra, en canto ao réxime alimenticio. A medida que se foi prolongando, os envíos de intendencia foron decaendo en variedade, calidade e valor enerxético e nutritivo.

Ao amencer, erguíanse e ían, con grandes espaventos para entrar en calor debido ás xélidas temperaturas, se lavar. Achegábanse a un pequeno río, detrás do monte no que se asentaba a vila, ao lado norte, oculto polas posicións inimigas, situado ao longo do ferrocarril mineiro de Ollos Negros.

A camaradaría era xeral, non se facía distinción entre soldados e oficiais. Todos se aliñaban na mesma ringleira para recibir o anaco de pan diario, o café ou malte, o arroz frío, lentellas, chocolate, sardiñas enlatadas, marmelada, manteiga, azucre, xabón, cigarros, etc.

Non existía o saúdo militar entre os membros da brigada. Complexos antimilitaristas posuíanos todos, ou a maior parte do voluntariado do acabado de crear Exército Popular da República. Moitos oficiais non usaron nunca a gorra de prato de oficial en toda a guerra, sendo o único distintivo da oficialidade as dúas ou tres estrelas de cinco puntas das súas solapas ou puños.

Ao igual que Alberto, a maior parte dos membros do Estado Maior eran membros ou simpatizantes do Partido Comunista. Observaban, xa que logo, as liñas xerais que emanaban do Partido, ben polo que se escribía no xornal do Partido ou por instrucións recibidas.

Na única reunión política que se levou a cabo en Valdecebro, como outras en Alfambra, Cedrillas, Torrijas...formuláronse sempre as cuestións que máis afectaban directamente a todos, irresolúbeis para outros órganos superiores, pois os afectaban directamente.

Estas cuestións, obxecto de exame e discusión, tiñan que ver co traballo diario na fronte de batalla. Alimentación, aseo, disciplina, cultura para os soldados e membros da brigada, solidariedade cara aos combatentes alleos ou contrarios á ideoloxía comunista. Cultivábase insistentemente a confianza na súa propia forza, sempre prestos e dispostos a corrixir os erros manifestos. De aí xurdía a fe na vitoria que sempre aniñou no Partido Comunista, ate nos últimos e malfadados momentos.

De Valdecebro trasladáronse a Alfambra, en camións. Montañas de Corbalán, en dirección a Cedrillas, sen chegar á vila. Descenso brusco polas abas da serra de El Pobo ata acadar a Escorihuela e, por fin, chegar a Alfambra.

Así como a ferida República española improvisou un exército, cos seus oficiais e soldados, este exército improvisou armas, transporte e condutores que trasladasen as tropas. Todas estas improvisacións fixéronse presentes, e con moita forza, co transcorrer dos acontecementos bélicos.

O adestramento bélico fíxose in situ. Se o axeitado é que un exército faga as súas prácticas antes do conflito, este non foi o caso do Exército Popular.

Lembra Alberto unha mañá en Valdecebro, a poucos metros das casas da vila. Un grupo de milicianos congregárase arredor dun artefacto: un morteiro. Chamara a atención de gran cantidade de milicianos, simplemente porque nunca viran unha arma como aquela.

Foron Alberto e Manolo Baig os que empezaron a practicar con aquela arma.

Un dos aprendices colocaba o tubo do morteiro, a modo de cheminea sobre unha base, e outro miliciano introducía nel a bomba, necesitando dun terceiro que accionara a parte inferior para disparar, por percusión, e poder lanzar o morteiro cara ao branco.

Na proba, todo aconteceu ao mesmo tempo, sen ningunha clase de sincronización. O disparo, que debe ser orientado tal como din as regras da balística, cun ángulo adecuado para que a caída do proxectil ocorra en campo inimigo, saíu cunha traxectoria tan vertical que toda a concorrencia -executores, aprendices

e os que por alí pasaban- creron que o proxectil ía caer sobre eles, e correron todos en dirección oposta. Ao final, non foi vertical a liña de caída...pero tampouco caeu en terreo inimigo senón propio.

Non deixa de ser meritorio, abraiante, sobranceiro e digno da historia da vitoria da vontade, que catro exércitos profesionais como o alemán, o italiano, o español e o marroquí, empregasen case tres anos para derrotar estes milicianos tan cheos de temores pero tan plenos de verdade, xustiza e liberdade.

Valdecebro foi, para os que saíron de Valencia cara á Fronte, o bautismo de fogo. Durante un mes estiveron rodeados e dentro da área de tiro de toda a artillaría inimiga. Sen protección aérea, foi todo un milagre sobrevivir. Ao final, houbo que ceder terreo, non só o que se ocupaba nese momento, senón, mesmo, desistir da retoma de Teruel.

Todas as operacións militares de fins de 1937 foron orientadas pola República, como un intento de cooperación e coordinación de todas as forzas dentro da súa organización militar.

Alberto na Fronte de Teruel.

A 22º Brigada Mixta era unha innovación no exército regular. Posuía unha estruturación e unha organización acorde cos principios e leis tradicionais dun exército profesional. Aínda que carente de disciplina nos seus mandos e subalternos, esta carencia debíase á desconfianza que xerou o feito de que os membros que se sublevaron pertencían ao exército formal. Os poucos militares republicanos profesionais que se incorporaron ao Exército Popular, non tiveron ningún interese en impor esa disciplina, para así non ser vistos con receo ante a suspicacia dos subordinados

A misión que tiña a 22º Brigada foi o corte do ferrocarril de Valencia a Teruel desde a zona de Corbalán e Valdecebro, zona Norte do sector. Polo oeste, pola estrada de Alfambra e Villalba Baja, operou conxuntamente con outras forzas, unha Brigada Internacional, que sufriu fortes baixas nas proximidades do camposanto de Teruel. Polo sur, zona de Villel, operaron outras unidades comunistas, e desde Puerto Escandón, as máis citadas montañas da Fronte de Teruel, tiñan que operar asemade as columnas confederais, cousa que nunca chegaron a facer.

De acordo coa súa estrita doutrina filosófica da liberdade, permitiron que os compoñentes das columnas decidiran libre e democraticamente se se sumaban ou non á operación conxunta con todas as demais forzas republicanas. A decisión foi negativa.

Cursos de formación para oficiais na Fronte.

Cedrillas

Na Fronte de Teruel con dous oficiais.

En maio de 1937 constitúese a 39° División, con motivo das operacións de Celadas. Isto trouxo como consecuencia o desprazamento do Estado Maior á vila de Cedrillas.

Esta vila, máis afastada da Fronte que Alfambra, posuía maior poboación. Non chegou a converterse en parte da Fronte senón ate 22 meses despois de iniciada a guerra. Gran parte dos seus habitantes permaneceu na casa dedicado aos seus quefaceres habituais do campo.

O período de Cedrillas abrangueu desde maio até outubro de 1937, data na que de novo se trasladaron a Alfambra, debido á necesidade de estar preto das tropas no momento de realizar operacións importantes.

No verán dese mesmo ano, incorpóranse novos membros ao Estado Maior da División. Estaba a cargo dos servizos de Información Luis Alcalá, un dos fillos do ex-presidente da República, que viñera desde Francia para incorporarse ao exército da República. A ese mesmo servizo estaba adscrito Leopoldo Alas, neto do escritor do mesmo nome, máis coñecido co pseudónimo de Clarín e grande amigo de Alberto. Leopoldo Alas veu en substitución de Luis Alcalá, destinado xunto a Paco Galán; foi a unha nova unidade, corpo de exército, que se formara en Cataluña.

A batalla de Teruel

Ás brigadas que compoñían a 39° División, a 22°, a 64° e a 96° sumáronselles en Alfambra as unidades de manobra, entre elas as do Quinto Corpo de Exército de Modesto, con Lister e O Campesiño. Sobre Teruel, estaban presionando en forma de tenaces polo norte, leste e sur varias columnas do Exército Popular. A 39° mantiña o flanco de Altos de Celadas, Cerro Gordo e o Muletón para afianzar o cerco ás forzas de Franco. No asalto e ocupación de Teruel non interveu directamente. A súa loita resultou unha sangría. Desde o 15 de decembro de 1937 até finais de xaneiro de 1938, mantivo unha liña de cincuenta quilómetros.

Pero a ofensiva tivo unha contraofensiva franquista a través da aviación alemá.

O 17 de xaneiro de 1938 non soou a alarma do campanario. O ceo tinguiuse de avións con cruces negras e reberetes brancos. Bombardeiros e cazas. 12 horas que estremeceron aos vivos. Doce horas de continuo bombardeo no val de Alfambra. Os cazas que metrallaban...os *Junkers* deixaban abrir as súas entrañas de morte...para sementala.

O bombardeo foi tan intenso que as unidades da 39° División non quedaron en condicións de seguiren defendendo as súas posicións e foi preciso retiralas ata Villarroya de los Pinares, máis alá de Cedrillas

A batalla de Teruel minguou a 39°. As baixas de mandos inferiores e oficiais foron numerosas. Novo traslado, esta vez ata El Pobo.

Visita da dirixente socialista Margarita Nelken e Luís Negrin

A histórica dirixente socialista que solicitara a súa entrada no Partido Comunista o 7 de novembro de 1936. Muller de honestidade ideolóxica e enteireza moral, deixara o Partido Socialista cando toda a dirección marchara para Valencia, deixando Madrid asediado á súa sorte.

Alberto traballa como axudante da brigada de Litri. Litri, antigo toureiro sen sorte, segundón e sen parentesco ningún con Litri primeiro, loitou desde os primeiros días como miliciano en defensa da República.

O Estado Maior da 39° División instálase na vila de Manzanera. Aos poucos días chega Luis Negrín, presidente do Goberno da República española. Inesperada a visita. O motivo da visita é a concesión da medalla colectiva ao valor á 39° División e ás súas tres brigadas, a 22°, 64° e 96°.

Negrín falou coa súa ausencia de retórica habitual, nun acto público na praza do Concello.

Despois de alentar a vontade de resistencia fronte ao inimigo,

Alberto con oficiais republicanos.

Negrín impuxo as medallas. Este asinou un autógrafo ao xornal *En Marcha* da 39º División: "Con unidades como a 39º División, a guerra non pode ter máis que un final, a vitoria".

En febreiro de 1939, a II República española esmorecía. Non había presidente, nin Goberno nin esperanzas.

Rumores, e máis rumores. Negrín e uns cantos deixan Francia e volven a España, que aínda é República, que aínda é de todos. Entre os que acompañan a Negrín está Paco Galán, que se achegou a Javalambre, ata o posto de mando da 96º, a Brigada de Litri e Alberto. Foi a última vez que Alberto viu a Galán; este obtivo o mando de Cartaxena, e desde alí escapou coa escuadra ao norte de África.

En marzo de 1939, o golpe de Estado de Casado. Alberto é seleccionado, xunto a un grupo de oficiais e comisarios políticos da 22º brigada para saíren exiliados a través de Alicante, que se autoproclamara "territorio internacional".

Días e días. A realidade da ida de oficiais e comisarios era a de retiralos sen que se decataran na Fronte. Despois de días son feitos prisioneiros.

Campo de concentración de Albateras. Concentración...fusilamento...sinónimos. De alí ao campo de Bétera e á prisión de Gandía, lugar ao que, había uns anos, chegara para defender a liberdade e a legalidade; hoxe, 1939, non hai ningunha das dúas.

Saída en liberdade provisional, despois de ano e medio, á espera dalgunha denuncia sobre o seu comportamento na guerra civil. A súa causa, como combatente na guerra civil, foi sobresida.

Volve á súa cidade natal, A Coruña. Viaxa a Madrid e entrevístase co autonomeado Secretario Xeral do Partido Comunista de España Heriberto Quiñones.

Quiñones rexeita aos dirixentes fuxidos ao estranxeiro. Pídelle a Alberto unha lista con todos os membros do Comité Provincial da Coruña, que a raíz desta reunión entre ambos, pasará a ser Comité Rexional de Galiza, co seu enderezo, encabezado polo mesmo Alberto. Este non acepta, por seguridade, a entrega de nomes e enderezos. Ofrece só a del.

Máis tarde, tres meses, é detido na súa casa mentres cea. Quiñones caera pouco antes e será fusilado, despois das torturas nunha cadeira de rodas.

Dun salto escapa, é perseguido e ferido de bala...é detido. Na prisión da Coruña é interrogado. En Madrid, na Porta do Sol é torturado.

Traslado á prisión da rúa Porlier, antigo colexio de Calasanz. Despois á prisión de Alcalá na que é xulgado polo foro militar. España deixou de ser República civil, para se converter nun

Equipo de fútbol no cárcere de Burgos. Alberto é o terceiro de pé pola esquerda.

sable entre as pernas de homes vestidos de campaña, que xulgan a aqueles que non comparten un mundo, que máis tarde se verá, era máis asasino, máis cruel, máis inhumano que calquera outro mundo asasino, cruel e inhumano coñecido.

Condena de MORTE, así, literalmente, copia fiel do orixinal, con maiúsculas, porque a morte era unha pena que non debía pasar desapercibida.

Trinta anos de prisión. Burgos. Trinta anos que non caben en ningunha destas páxinas.

Que se come no cárcere? Que se pensa no cárcere? Como é un ano sen liberdade? e dous e tres...e vinte? que ou por quen se reza en prisión? e os mortos? están contigo nesta biografía? abondan as follas desta pouco máis de decena de páxinas?

A Alberto regateáronlle 20 anos da súa vida. Ano e medio no campo de concentración. Ración de pan, un para cinco...e latas de sardiña, unha diaria para cada un. Estrinximento, sucidade, enfermidade e miseria.

Antes de lle conmutaren a pena, unha monxa visítao na cela. Visita a aqueles que axiña van morrer. Unha muller moi agradábel. Abre a faldriqueira, saca un cigarro e métello a Alberto na boca... préndello. O primeiro e último cigarro de Alberto, e a gratitude eterna de quen non ten nada nin ninguén, só a seguridade de que vai morrer.

A Brigada Político Social engádelle ao seu expediente o cualificativo de "altamente perigoso". Este engadido, este "regalo" significou nos seus 20 anos de prisión, máis castigos, maior vixilancia e menos prerrogativas. A perigosidade residía no seu intento de fuxir na Coruña no momento de ser detido.

Cantos paseos se poden dar nun patio dunha prisión, na que o frío é tan grande que até o aceite se conxela? Cantos directores de prisión...fixeron a súa casa, compraron o seu coche ou comeron a custa da comida dos presos? Quen dixo aquí non pasou nada?

Onde as voces dos que xa non poderán falar? Tal vez as comeron co anaco de pan...e a lata de sardiñas?

Alberto sae en liberdade condicional en decembro de 1961, despois de 20 anos de prisión. Cun traxe confeccionado por un

compañeiro. Trata de refacer a súa vida. Refacer é un eufemismo para quen non puido ter unha noiva, nin un Nadal, nin unha carta sen censura, nin moitas veces o escape da lectura, porque en presidio, até o escape mental está prohibido.

Entra en contacto con Julián Grimau, que pouco tempo despois sería detido e executado, o 20 de abril de 1964.

Despois dun ano preso, o dano é irreparábel. E despois de 20? Só unhas convicións moi firmes poden reverter ese dano. E aquilo que nos permitiu sobrevivir, é a razón da nosa vida.

Alberto organiza a folga dos traballadores da construción, en Madrid, en apoio da folga dos mineiros asturianos. Cando está organizándoa, cesa a de Asturias. Debe esconderse. Desde o Comité Central decídese a súa ida a París. Noite de rolda, porque a policía o segue...róldao.

Os últimos papeis que rachar antes de partir. París, con Marcos Ana, Lister, Carrillo, Semprún...

Visita a Unión Soviética. Londres...foto na tumba de Marx. Iugoslavia. Homenaxe aos heroicos soldados que loitaron pola liberdade en España en 1936...condecoración do Estado da República Democrática Alemá en 1966 a todos os defensores da liberdade. Alberto asiste con Lister como xefe da Delegación.

O mundo está cambiando. Alberto encárgase da conformación, entre os traballadores emigrantes españois en Europa, de grupos organizados.

Os obreiros españois en Alemaña non saben que foi a guerra civil...pero si coñecen á cantante Marisol.

A vida é unha tómbola, e Alberto, por moitas medallas que lle dea un Estado que deixaría de existir pronto, aínda non o sabe. E é que a decencia tarda en reaccionar, porque é moi decente, e é coherente, e é como Alberto.

Alberto non sabe qué facer co diñeiro. Nunca comprou nada. Nada lle fixo falta e todo o que lle fai falta non se pode comprar con diñeiro. Quixéramos devolverlle os seus 21 anos e medio de privación de liberdade.

En cal grande superficie se compran 21 anos e medio de privación de liberdade? Tería que ser unha "inmensa superficie". No corredor "decencia"? Na sección "honor"? A quen lle escribo?

1º día de visita na prisión de Burgos, 1954. Xunto a Alberto o seu amigo o poeta Marcos Ana.

A que banco lle pido prestado? Podereille devolver 21 anos e medio de cárcere a algún banco? Con que xuro?

Alberto é nomeado, dentro do Comité Central do Partido Comunista de España en París, encargado de finanzas.

Xa non haberá maletas de dobre fondo con documentos que viaxen a través de toda Europa, que terminaba nos Pirineos, nin detencións na estación de tren de Bad Godesberg na RFA. Tampouco terá que se agachar baixo unha cama en Amsterdam.

Pero Alberto non quere ser financeiro, porque a el lle restaron moita vida...e non hai ningunha suma que lla poida devolver.

21 anos e medio de morte en vida terán un corolario agradábel, unha vida que se lle cruza, chegada de lonxe, pero preto, en París. A que hoxe é a súa compañeira, Ileana. Venezolana, decente, coherente, unha muller na que todos os resultados se confunden.

Alberto casa. Algúns aceptan...outros non. Marcos Ana na voda, Lister... outros non quixeron asistir. O día da mudanza...último intento para que quede...O Partido necesítao...pero Ileana tamén. Alberto é comunista...e feliz, encontrou algo que non sabía que buscaba.

Alberto Puente diante da tumba de Marx, Londres despois da súa liberación da cadea en Burgos.

En Venezuela milita, porque sempre se milita mentres quede vida...e mesmo despois. Traballa e vive. Conversa e comeza unha estreita amizade con Manolo Gallego, un dos fundadores da Irmandade Galega, comisario político na guerra civil e ex-membro do V Rexemento.

Celso Emilio Ferreiro...a Venezuela saudita que todo o compra dobre, porque cre que todo está en venda e é barato. Pero Alberto sabe que hai cousas que non teñen prezo. Chega a Venezuela como apátrida. O seu carné de identidade así o sinala. É verdade que os comunistas non teñen patria? É verdade, e se a teñen, xa haberá alguén encargado de llela quitar.

Porque hai persoas que son o decoro de mundo, que se non as podemos matar...temos que lles quitar os anos, a vida, os libros, a patria, a saúde, a tranquilidade.

E Venezuela gastaba...o que non tiña. E os españois estrearon democracia. E chegaron uns que se chamaron socialistas e quixeron devolver ou pagar o impagábel. E sentaron nun Congreso a botar contas...e saía caro pagar tanta decencia, e tantos anos e tanta honestidade. E decidiron pagar algo, por pagar. E así son as cousas, que nunca foron doutra maneira.

E na América Latina mátanse por nada. Porque a guerra civil duroulles aos españois tres anos, porque aturan pouco, e aos colombianos trinta, que aquí saben que nunca ninguén vai pagar nada, porque non hai diñeiro que o pague.

E os venezolanos cavaron a súa propia tumba, non o pobo, senón os seus dirixentes. E a vaca que daba tinta de lura con nome de excremento do diaño en lingua indíxena, non era como os pans e os peixes de Xesús.

E veu a desnutrición e os asasinatos por un par de zapatos e veu unha revolución que se chamou bolivariana.

E contaba Fidel que en Cuba se chamaba socialista, que non importaba o nome, o importante era que aínda que se chamase cristiá, o importante era que fose, e así está sendo.

Unha das súas derradeiras fotos con Gaspar Llamazares en Caracas.

E Alberto topou con algo que non andaba buscando. E dóelle o corpo todo, o corpo que non quedou en Burgos senón que o acompañou. E as hernias, e dóelle todo...pero aí está Alberto, con 84 anos e o pobo venezolano tomando PDVSA. Aí está a súa foto, detrás do alcalde de Caracas, porque era verdade, así o dixo o seu carné de identidade venezolano por sete anos, NACIONALIDADE: Apátrida.

E os ollos aos 84 anos aínda lle brillan, e non importa que nos doa a moa...mira, aí está o noso amigo Alberto, regalando un libro, chamando para saber cómo estás, apoiando causas que poucos coñecen.

Quén che poderá devolver algo do que nos deches? Por que tanta decencia nun corpo tan vello?

Alberto sempre nos di que non ten nada que contar. Nós estamos aquí para contar por el.

Contar sumando. Que se perderon moitas guerras, que ao parecer eran batallas. Que a prisión de Burgos está no mesmo sitio. Chea doutras persoas...que son un pouco de Alberto. E roubáronlle o libro dedicado por Alberti que tanto quería e desgústase. Nós entristecémonos tamén.

O nome de Alberto na guerra era "Saludiña", que etimoloxicamente quere dicir dar saúde.

Alberto morreu en Caracas, en maio de 2004, coa esperanza dunha Venezuela libre, humana e socialista.

Alejandro Tejero Cuenca

Montauban, Francia, 1941 / Caracas, maio de 1967

Un bo e xeneroso torturado e asasinado en 1967

Alejandro Tejero Cuenca naceu no exilio francés, Montauban, en 1941. Os seus pais foron o aviador republicano nado en Segovia, Braulio Tejero, e María Teresa Cuenca, secretaria de Indalecio Prieto e despois do ministro de Aviación durante a República, Hidalgo de Cisneros.

Chegou a Venezuela en 1957, ingresando á Xuventude Comunista e á guerrilla da FALN. Foi secuestrado e torturado até a morte en maio de 1967. Hoxe, 37 anos despois, a súa nai, con 91 anos, aínda reclama o seu corpo nunca atopado.

Orixes

María Teresa Cuenca de Tejero naceu en Vigo en 1913. Aos 18 anos, en 1931, entrou a traballar como secretaria no Ministerio de Mariña da República española. Tamén foi secretaria de Indalecio Prieto e do coronel Hidalgo de Cisneros, xefe das Forzas Aéreas no último ano da guerra. En abril de 1940 pasou a Francia polos Pirineos, pois estaba a ser reclamada, mesmo por radio, polo réxime de Franco. En Arlés comunicouse co seu noivo, Braulio Tejero, piloto republicano exiliado.

En 1957, o irmán de Braulio, Fernando, foi a España e trouxo a Venezuela ao seu sobriño máis vello, Alejandro, quen tiña 17 anos para o momento do derrocamento do ditador Marcos Pérez Jiménez. Fíxose militante da Mocidade Comunista en Venezuela, ademais de estudante de enxeñaría na Universidade Central de Venezuela. En maio de 1967, durante o goberno de

Alejandro Tejero cos avós maternos na Coruña.

Raúl Leoni, o Servizo de Intelixencia das Forzas Armadas detívoo fronte ao cine *Broadway*, en Sabana Grande, xunto con dous amigos. De acordo coas testemuñas, semella que morreu como consecuencia das torturas, no teatro de operacións (T.O.) de Yumare, estado Yaracuy, un campamento antiguerrilleiro.

Nunca devolveron o seu corpo. María Teresa Cuenca entrevistouse con ministros, militares, foi ao Congreso, tratou co primeiro goberno de Rafael Caldera, durante tres anos de intensas xestións. Presentouse na embaixada de España e o embaixador non quixo intervir.

En Venezuela entrou a traballar na Secretaría da Presidencia no IPASME, en 1960. Cinco anos despois pasou ao departamento de Servizo Médico, até 1967, cando se retirou voluntariamente a raíz da desaparición do seu fillo. No libro *Expediente Negro* o actual vicepresidente da República Bolivariana de Venezuela, José Vicente Rangel, fai referencia a esta desaparición e ás torturas cometidas a Alejandro Tejero Cuenca.

O seu pai Braulio Tejero nacera en 1907, en Segovia, e morre en 1978 en Caracas. Titulouse de radiotelegrafista de aviación en 1930. En 1935 pasou á LAPE e, ao estoupar a guerra, foi destinado ao Estado Maior da aviación, nos servizos de meteoroloxía. Actuou tamén como piloto. Exiliouse en Francia e tornou a España en 1942. Foi detido e condenado a tres anos de cadea, aínda que saíu aos poucos meses por intercesión de amizades. En 1946 foi chamado a prestar servizos no aeroporto de Barajas, e no seu servizo de meteoroloxía desde 1948. Chegou a Venezuela e empregouse como radiotelegrafista na LAP. Posteriormente foi trasladado a Caracas e Maiquetía, e renunciou en 1960. Desde entón e até o seu falecemento, traballou na Inmobiliaria Taras.

Historias de desaparecidos

Eran activistas, combatentes revolucionarios, militantes de calquera dos movementos de esquerda venezolanos activos na década dos 60; ás veces non pasaban de ser simples colaboradores

ou simpatizantes deses grupos. Tiveron, sen embargo, un destino común: unha detención a mans dos corpos de seguranza do Estado, un longo e descoñecido periplo en medio de rumores e noticias non confirmadas, e despois unha desaparición que non deixou máis que pegadas e o trauma dos seus familiares.

Trinta anos despois dos casos máis notábeis, o proceso de Alejandro Tejero Cuenca foi reaberto e encóntrase ás portas dun tribunal, o cal pode ser unha lección sobre cómo defenderse do tempo e do esquecemento.

Os venezolanos de hoxe adoitan lembrar o período da loita guerrilleira no seu país como un longo acontecemento cruzado de "chumbo" (balas), algún heroe esquecido, ecos de metralla, maldicións mutuas e ao final moitas cousas para arrepentirse. Unha guerrilla máis, un episodio marxinal abortado no trópico pola Guerra Fría, que como xa sabemos, tivo os seus bos momentos de calor nos anos 60. Ao referirnos a esa temporada só nos veñen á mente certo tipo de inxustizas: o guerrilleiro de entón convertido en ministro, o ideólogo que sobreviviu, a derrota dunha utopía destinada a vexetar polo mundo durante un feixe de lustros máis.

En Madrid, na escola dos Maristas "Sagrada familia".

Pero houbo episodios dentro do proceso que tenden a ser esquecidos máis doadamente pola xente do común, sobre todo por aqueles cidadáns que non tiveron razón ningunha para verter unha soa bágoa naqueles anos. Hai un en particular que acaba de ser rescatado do faiado: os casos de desaparicións que tiveron lugar entre os anos 1967 e 1973. Xoves militantes de esquerda, combatentes das montañas ou activistas de comandos urbanos que un mal día cometeron o erro de se deixaren ver nas cidades e foron convertidos en po para o esquecemento. Convén volver revisar as circunstancias dalgúns casos conmovedores, non porque sexan en si mesmos exemplos dramáticos da ferocidade daquelas loitas, senón porque, sorprendentemente, agora mesmo foi aberta unha pescuda penal que, supostamente, determinará algunhas responsabilidades e aclarará certos puntos negros.



Alejandro na praia de Canido (Galiza).

Para non esquecer: o caso de Alejandro Tejero Cuenca

Cando o proceso estaba na súa etapa máis intensa e dolorosa, un grupo de familiares destes mozos moveron o inamovíbel na súa busca ou, polo menos, na pescuda dos seus restos. En moitos casos houbo testemuñas que deron fe da captura por parte dos corpos de seguranza do Estado -case sempre o SIFA e a Digepol-, a partir do cal se deu inicio á primeira etapa dunha investigación que atormentou, pola súa teimosía, a uns cantos involucrados en casos borrascosos. A prensa da época salientou e deu acollida a moitas denuncias desesperadas, a maioría delas subscritas por Ana de Pasquier, María Teresa Cuenca de Tejero, Reina de Malaver, Antonieta de Palma e Felipe Malaver.

O caso de Alejandro Tejero Cuenca foi, xunto co do profesor Alberto Lovera, o máis difundido no seu momento, se cadra polo feito de que a súa nai, María Teresa Cuenca, é unha señora con enerxía de sobra para clamar xustiza durante toda a eternidade.

Alejandro, un mozo chegado poucos anos atrás de Galiza, estudaba enxeñaría na UCV, tiña 26 anos e militaba desde moi novo na Mocidade Comunista. O 11 de maio de 1967 andaba xunto a Eduardo Navarro Laurens nunha zona de Caracas chamada Chacaíto. De súpeto, cando os rapaces pasaban fronte ao cine *Broadway*, foron interceptados polos ocupantes dun *Renault* sen identificación oficial; unhas horas despois, os familiares de Tejero recibiron unha chamada anónima segundo a cal o mozo estaba detido nos calabozos do Servizo de Intelixencia das Forzas Armadas -SIFA. O trámite da verificación resultou infrutuoso porque nese corpo de seguranza negaron ter ao detido.

O 23 de xuño, outra chamada anónima á familia Tejero informaba que Alejandro acababa de ser trasladado a un campamento antiguerrilleiro, e máis tarde, o 9 de xullo, indicáronlles

que o sitio exacto do seu paradoiro era o Teatro de Operacións numero 5 de Yumare (TO5). Até alá foron en máis dunha ocasión e conversaron cos militares que se presentaban como os comandantes a cargo do campamento: os coroneis Ramón Ignacio Palmera e Héctor Franceschi. Estes militares negaron repetidamente ter coñecemento da detención de Tejero Cuenca, pero moitos testemuños posteriores rebateron esas versións.

En setembro de 1967, a persoa que estivera comunicándolle de maneira anónima á familia Tejero sobre os traslados e a situación do seu fillo, dignouse revelar a súa identidade: tratábase da nai de Napoleón Granados, un mozo que tamén estivo preso en Yumare e que vira alí a Alejandro xunto a Navarro Laurens, moi maltratados polas torturas. Entón fíxose pública unha declaración crucial para este caso, nos beizos dun grupo de labregos testemuñas dun intre patético.

Os testemuños, de Alfonso Noguera, Ramón Mogollón e Pablo González, aseguraron ante unha comisión do Congreso, da cal formaba parte, entre outros, o xornalista e entón parlamentario (hoxe vicepresidente do Goberno Revolucionario Bolivariano), José Vicente Rangel, ter visto un home practicamente estragado na sede do TO5. Este home logrou artellar unhas palabras imposibles de pasar por alto: *"O meu nome é Alejandro Tejero, a miña familia vive en Caracas e vanme matar"*. Acto seguido deu un numero telefónico que varios presos políticos se encargaron de rexistrar na súa memoria.

Alejandro descansando nun "chinchorro" con mosquiteiro, ano 1965.

Xurxo Martínez Crespo

Material para o enigma

Con elementos tan contundentes nas mans realizouse unha investigación que ofreceu unha conclusión moi útil: o funcionario que detivera a Alejandro Tejero Cuenca en Chacaíto fora Alexis Martínez Linares, un ex-guerrilleiro que, por esas cousas da veleidade e a mala dixestión das ideoloxías, agora era funcionario do SIFA. A oportunidade presentábase máis doada do esperado: este home estaba detido no cuartel San Carlos pola morte dun neno, de modo que alí mesmo podería ser interrogado, se as canles competentes -neste caso a Fiscalía- se movían á velocidade desexábel. E vaia se se moveron con rapidez as canles... pero non as indicadas:

Martínez Linares escapou do cuartel San Carlos e foi dado por desaparecido, sen maiores explicacións. En xullo de 1970, apareceu afogado nunha lagoa, co cal a memoria de Alejandro Tejero perdeu unha boa oportunidade de redención.

O xefe guerrilleiro Douglas Bravo na serra venezolana. Alejandro pertencia ao grupo de Bravo.

A morte e os seus métodos

Os EEUU alentaron aos militares a practicar a tortura e a extorsión". Cinco manuais foran referendados e entregados pola Escola das Américas situada no Comando Sul, Panamá, hoxe en Georgia, aos corpos militares de varios países latinoamericanos, e que serviron de guía para enfrontar por varios métodos -non sempre limpos- os movementos guerrilleiros.

Entre outras cousas, os mencionados manuais recomendaban aos exércitos de varios países aplicar técnicas de interrogatorio e intimidación como a tortura, a execución, a chantaxe e o arresto de parentes dos interrogados. Entre os países mencionados como receptores deses cinco manuais están Bolivia, Colombia, Costa Rica, Ecuador, El Salvador, Guatemala, Honduras, México, Perú, República Dominicana e Venezuela.

O asunto estivo a punto de pasar sen maior gloria á categoría de comentarios sen eco. Pero coa desclasificación dos documentos secretos do Pentágono saíron á luz pública estes adestramentos e manuais e moitos familiares de desaparecidos incoaron accións legais.

Desde as primeiras escaramuzas na prensa nacional venezolana -o diario *El Globo* propiciou un debate moi intenso sobre o tema entre setembro e decembro de 1996-, os militares venezolanos que participaron en actividades de contrainsurxencia na chamada "década violenta" aseguraron non coñecer eses manuais cuxa existencia o Pentágono axiña revelou; "Nin idea; aquí xamais desapareceu ninguén...".

E, desde logo, nin forma de probalo. Até que os familiares de Alejandro Tejero Cuenca decidiron desempoar os seus arquivos, os seus recordos e as súas denuncias, e acudir 30 anos despois a un aliado daqueles tempos difíciles, o xornalista José Vicente Rangel. Este fíxolles unha recomendación central: debían reabrir o caso das desaparicións -asunto moi difundido ao final dos anos 60- apoiados agora pola tremenda revelación da alta xerarquía militar estadounidense. Seguinte paso: contactar con Tarek William Saab, avogado e activista de dereitos humanos, quen se botou ao ombro as historias de Alejandro Tejero

Rangel sempre loitou por esclarecer o asasinato de Alejandro.

Cuenca, Eduardo Navarro Laurens, Víctor Soto Rojas, Felipe Malaver, Noel Rodríguez e Nicolás Montes Beltrán, todos eles desaparecidos nos momentos culminantes da insurxencia guerrilleira venezolana.

O detalle que faltaba

Achegábase, pois, un enfrontamento legal cuxa razón de ser non era outra que localizar e procesar os responsábeis das desaparicións. Estas, segundo José Vicente Rangel, ascenden a un milleiro en todo o período. Pero existía unha traba fundamental: ningún militar recoñecera recibir aqueles manuais antiguerrilleiros de que falaba o Pentágono. Así as cousas, a indagación podía producirse por vía "Noticia Criminis", aínda que cada vez o asunto dos manuais tendía a asemellarse máis a un relato digno do recordo, aínda que improbábel.

Pero, para quen non o coñeza, Tarek William Saab é o suxeito máis teimudo, insistente e insoportábel da súa estirpe, detalle que lle valeu, entre outras cousas, para bater no camiño co elemento decisivo que faltaba para reabrir o triste caso 30 anos despois. Saab estaba unha mañá na súa oficina, cando recibiu unha chamada tan inesperada como redentora: un xeneral retirado do exército venezolano quería velo para tres cousas. A primeira: saúdalo, había tempo que non se vían. Segunda: entregarlle un folleto moi curioso en cuxos bordos superior e inferior está a palabra "Segredo", e en cuxo centro, a xeito de titulo, se podía ler : "Técnica para interrogatorio de bandoleiros Castro-comunistas". E terceira: convidalo a un café. O avogado meréceo.

Polo demais, o caso dos desaparecidos, as inxustizas e a dor da década da violencia semellan estar en vías de recibir un novo trato, ou alomenos unha necesaria reabordaxe: por unha parte, o caso das desaparicións de Alejandro Tejero Cuenca, Víctor Soto Rojas, Felipe Malaver, Noel Rodríguez, Nicolás Montes e Eduardo Navarro Laurens, atópanse en poder dun Xulgado de Primeira Instancia do Penal. E pola outra, está en marcha a construción dun monumento chamado "Xardín dos caídos", situado en San Pedro de los Altos. Dous acenos que tentan disipar as sombras do máis explosivo momento histórico do século XX venezolano.

"Cumprir ordes, non comentar"

O coronel do exército (r) Ramón Ignacio Palmero era comandante do TO5 -Teatro de Operacións número 5, situado en Yumare, estado Yaracuy- para o momento en que se supón que estivo alí detido Alejandro Tejero Cuenca. Así o testemuñan cantidades de documentos, testemuños e traballos publicados na prensa en 1967 e anos seguintes.

María Teresa Cuenca de Tejero entrevistouse varias veces con el en calidade de comandante da unidade, e este reiterá-balle cada vez que o seu fillo non se atopaba alí.

Un militar amigo seu asegura, sen autorizar a mención do seu nome, que Palmero lle confesou repetidas veces ter visto a Alejandro Tejero chegar ao TO5 en pésimas condicións: "Recibino moi torturado e ferido do SIFA", diríalle ao informante, un militar de alto rango de cuxa credibilidade non estamos en condicións de dubidar.

Porén, 30 anos despois, en conversa telefónica, Palmero nega que a súa responsabilidade no caso da desaparición do mozo fose "directa ou indirecta", porque sinxelamente non era comandante

Caracas é tomada baixo Estado de Sitio polo goberno de Leoni.

O presidente Raúl Leoni, do partido socialdemócrata Acción Demócratica. *Os crimes políticos durante o seu mandato nunca foron recoñecidos oficialmente.*

dese campamento antiguerrilleiro. Asegura ademais que lle ten sen coidado a reapertura do caso, pois non ten nada que temer...

Pregunta —*Queremos coñecer a súa opinión acerca da reapertura dos casos de desaparicións do ano 1967.*

Resposta.—Non teño nada que opinar, xa pasaron 30 anos diso.

P.—Non lle parece que é un detalle importante da historia recente que convén revisar?

R.—Un detalle importante da nosa historia recente, como vostede di, sería saber cómo me sinto vivindo neste país. Hai temas que se esgotan. Por que é tan importante a miña opinión ao respecto?

P.—Teño coñecemento de que vostede pode ser citado a un tribunal para declarar en torno á desaparición do cidadán de orixe galega Alejandro Tejero Cuenca en 1967.

R.—Nesa época eu era membro do Estado Maior, non era comandante do Teatro de Operacións (TO). O responsábel operativo de toda unidade é o seu comandante. A miña función era só asesorar aos responsábeis deses escenarios, nunca tomar decisións directas sobre operacións concretas.

P.—O seu testemuño non sería relevante en caso de ser solicitado nun tribunal?

R.—Se me chega a citar un tribunal vou dicir isto mesmo que lle digo a vostede agora. Ademais, estoulle a falar a vostede como se falase cun poste. Non o coñezo, non sei se vostede en realidade é xornalista, non sei de onde quitou a información sobre o proceso nos tribunais e, para completar, non sei quen lle deu o teléfono da miña casa. Teña a bondade de me dicir quen foi, porque eu non fun.

P.—Non hai nada misterioso aquí, coronel. Quería facerlle estas preguntas porque o seu comentario é importante para esta historia. E en canto ao seu teléfono, o meu oficio exíxeme buscar os datos dos entrevistados por distintos medios.

R.—Si, eu sei algo diso. Traballei moitos anos da miña vida en Intelixencia Militar...

P.—Entón debe saber algo dos manuais de contrainsurxencia que o Pentágono asegura que están ou estiveron en poder de militares venezolanos.

R.—Non teño esa información. As relacións e contactos con

gobernos ou exércitos doutros países só pode decidilos o alto mando militar.

P.—Entón non lle preocupa nin lle prexudica ser citado para declarar en torno ao caso de Alejandro Tejero Cuenca?

R.—Se me chama un tribunal, acudirei ao tribunal. Eu non lle debo nada a ninguén. Ou como din algúns políticos por aí: "Quen non a debe non a teme". Non teño nada que agachar, por iso estou aquí falando tranquila e naturalmente con vostede, sen incluso coñecelo . Como me dixo que se chamaba?

Sobre o manual

O documento instrutivo para realizar interrogatorios é unha recompilación das técnicas que se deben empregar para obter a confesión dos insurxentes capturados. Realiza unha clasificación dos personaxes detidos: "Non é o mesmo interrogar a un comandante de bandoleiros que a un simple combatente", polo cal os tipos de preguntas e chantaxes varían dun caso a outro. Así, o folleto está dividido en guías para obter as declaracións de comandantes de destacamento, fronte ou columna; personalidades da organización política; comandantes de pelotón, escuadra ou patrulla; combatentes rurais; comandantes de



Alejandro Tejero en Caracas, ano 1958.

Guerrilla urbana en Caracas.

Unidades Tácticas de Combate (UTC) e de combatentes urbanos, e membros da organización política administrativa.

Recoméndase, entre outras xeneralidades, axustar as preguntas "ao grao intelectual, responsabilidade e capacidade para responder do interrogado". No caso dos combatentes rurais, acudir á presión utilizando como referencia o seu contorno familiar adoita dar bos froitos, xa que "un interrogatorio axustado ás debilidades humanas destes tipos dará excelentes resultados, e despois das primeiras entrevistas é moi posíbel que o interrogado nos preste o seu amplo e decidido apoio".

Outras recomendacións xerais

O interrogador debe evitar dar mostras de présa ou confusión.

Os interrogatorios longos e continuados permiten o debilitamento do interrogado.

Un interrogatorio non concluirá polo feito de que o interrogado acepte a súa culpabilidade. É necesario probala totalmente.

Os interrogatorios a mulleres deben facerse en presenza de testemuñas.

É, en liñas xerais, un dos manuais "brandos" de que dispuxo o exército venezolano; os demais, segundo o Pentágono e persoas que tiveron acceso ao seu contido, explican as formas e os momentos máis axeitados para aplicar determinadas torturas, como manter agachados os detidos importantes e, finalmente, cómo liquidalos fisicamente por medio da cremación.

Testemuña de Douglas Bravo, ex-comandante guerrilleiro

P.—Había cidadáns doutras nacionalidades na guerrilla venezolana que vostede comandaba?

R.—Un cubano con moito tempo de residencia en Venezuela, Raúl Louro, un excelente combatente e extraordinario compañeiro. Morreu ao atravesar un casarío, en 1965, cando caeron nunha emboscada do Goberno. Xurdiu un combate. O primeiro abatido foi Louro. Tamén tivemos varios galegos e españois. Dous deles morreron en operacións. Alejandro Tejero Cuenca, e o outro era de apelido Méndez.

Tamén fora asasinado o español Vicente García Aucejo, de 45 anos, que aseguraba que era candidato ao Nobel de Química e dirixía unha fábrica clandestina en San Pedro de los Altos que producía fusís automáticos, revólveres, municións e explosivos. A fábrica foi destruída pola policía en outubro de 1965 e García asasinado.

Por suposto que tamén estaba o cubano-español Paúl del Río (Máximo Canales) que secuestrara a Alfredo di Stéfano no hotel Potomac da avenida Vollmer en San Bernardino e participara con Federico Fernández Ackermann, fillo do galego Comandante Soutomaior, no secuestro do mercante Anzoátegui".

"Alejandro Tejero Cuenca estivo comigo nas montañas de Falcón"

Era un home novo, moi valente, moi valioso. Militou na Mocidade Comunista e despois no PRV, cando aconteceu a escisión do Partido Comunista de Venezuela. No momento da súa captura e asasinato estaba en Caracas cumprindo unha misión que lle encomendamos.

Douglas Bravo lembra moitas das calidades máis nobres de Alejandro Tejero: "era un galego forte, enérxico, deses rapaces que naceron para facer cousas grandes na vida. E o máis importante, o seu aceno máis transcendental, que soportou as torturas até a morte, sen dicir unha palabra, sen delatar a ninguén. Ese tipo de acenos demostran que sentía moi no fondo un compromiso tanto co proceso e as loitas, coma coa humanidade".

P.—En que condicións e por que decide converterse en guerrilleiro Alejandro Tejero?

Anagrama das Forzas Armadas de Liberación Nacional.

Douglas Bravo.- Antes debo referirme ao cadro político existente en Venezuela nos primeiros anos da década do sesenta, que penso que tivo moito que ver na súa decisión, ademais das súas orixes de esquerdas e republicanas na figura dos seus pais exiliados en Venezuela.

No noso país existía unha forte depresión económica provocada pola baixa dos prezos do petróleo. Aumentou o desemprego; graves problemas afectaban ás masas populares en canto aos salarios, alto custo da vida e deterioración dos ingresos familiares. Esta situación provocou un gran descontento e elevou a combatividade popular. O país foi abanado por unha onda de folgas: incrementáronse as tensións e contradicións sociais. O Goberno respondeu coa máis brutal represión. Acción Democrática dividiuse. A coalición gobernante, resultado do Pacto de Punto Fijo, rompeuse. URD deixou o goberno despois da ruptura de relacións con Cuba. É neste marco, de exacerbación dos conflitos económicos, sociais e políticos, cando estoupa non noso país a loita armada. Martí dixo: "Tan criminal é o que desata unha guerra como o que non a fai unha vez desatada".

P.—Que papel cumprían o FLN e as FALN nas que militaba Alejandro?

Douglas Bravo.- O FLN era a Fronte Nacional de Liberación, constituída por representantes dos partidos MIR, PCV, Vangarda Popular, sectores das Forzas Armadas Nacionais e independentes. Unha especie de alianza política nacional de todas as forzas comprometidas na revolución. As FALN (Forzas Armadas de Liberación Nacional), era O noso exército revolucionario. As FALN colleron sona polas súas ousadas operacións contra o Goberno. O seu primeiro Comandante Supremo foi o capitán de navío Manuel Ponte Rodríguez. Despois o tenente coronel Juan de Dios Moncada Vidal e, finalmente, o capitán Medina Silva. Pertenceron ao seu Estado Maior o capitán Molina Villegas, Guillermo García Ponce -quen ao caer preso foi substituído por Alberto Lovera-, o Maior Manuel Asuaje, o Maior Pedro Vegas Castejón e outros.

Os terribeis T.O.
(Teatro de Operacións)

P.—Que eran e que funcións cumprían os T.O.?

Douglas Bravo.- Os T.O. eran os Teatros de Operacións antiguerrilleiras: a aplicación en Venezuela das prácticas norteamericanas aprendidas nas súas escolas de Panamá, onde grupos de oficiais latinoamericanos reciben adestramento para combater as forzas e movementos revolucionarios dos nosos países. En determinados puntos estratéxicos establécense tropas e equipamentos militares que non están sometidos ao mando regular das gornicións rexionais senón que obedecen directamente ao COC, é dicir, ao Comando de Operacións Conxuntas. Os primeiros- T.O. establecéronse cando Rómulo Betancourt: o de Cabure, que foi o número un e o de Boconó. Despois, cando o presidente Raúl Leoni, establecéronse os T.O. no cerro Bachiller, Cachipo e outros. Cumpren non só funcións militares operativas senón que se converten en centros de torturas de prisioneiros políticos e militares. O réxime de guerra que se establece nos T.O. permite burlar a xustiza ordinaria, mesmo impedir a investigación das cámaras lexislativas. Neses T.O. morreron, vítimas de torturas, moitísimos venezolanos e venezolanas. Pódense citar os nomes de Felipe Malaver, Andrés Pasquier, Alejandro Tejero Cuenca, Alberto Lovera, Donato Carmona, Juan Pedro Rojas e centos máis.

Asalto ao tren pola FALN, Caracas ano 1962.

Alejandro Tejero Cuenca na Fronte Guerrilleira José Leonardo Chirinos

(declaración do comandante guerrilleiro Douglas Bravo)

A Fronte Guerrilleira José Leonardo Chirinos foi fundada o 15 de marzo de 1962 por Douglas Bravo e sete labregos. Aos

poucos días intégrase xente de Caracas, como Teodoro Petkoff, Chema Saher, Juan Arenas e Alejandro Tejero Cuenca, até chegar a trinta guerrilleiros.

"Trasladamos unha parte dos efectivos da Fronte José Leonardo Chirinos cara aos Llanos, para que combateran detrás das liñas inimigas. Esta misión cumpriuna un destacamento baixo o mando de Baltazar Ojeda e Miguel Noguera, que levaron a cabo unha serie de operacións de emboscadas e golpes de man con éxito, capturando armas e causando baixas ao Goberno. Onde nós estabamos, na fronte de Iracara, as tropas inimigas chegaron até Camacho. Alá, o destacamento dirixido por Leonardo resistía o cerco. Durante todo o día a aviación bombardeaba a zona guerrilleira incesantemente. Trasladeime ao Destacamento do Sul dirixido por Manuit Camera. Recibín cartas de Fabricio Ojeda, Lunar Márquez e Luben Petkoff, que se encontraban á fronte da guerrilla de Lara. Aceptaban a miña proposta de nos reunir na súa zona para debater sobre a situación política e militar. Tamén me escribiu Teodoro Petkoff, detido cando a policía o sorprendeu nun casarío da zona guerrilleira larense, e de Pompeyo Márquez, preso no Cuartel San Carlos. Con ambos sostiven, durante ese período, constante correspondencia. Despois de estar no destacamento de Manuit e trazar os plans para responder a ofensiva do Goberno, trasladeime a Curimagua, ao destacamento de Polito Acosta. Durante a travesía tivemos tres encontros co inimigo. O máis importante foi o último, xa moi preto de Curimagua, onde lle causamos dúas baixas ao Goberno. Comigo ían só catro guerrilleiros; un deles o galego, excelente combatente, Alejandro Tejero Cuenca".

Pompeyo Márquez e María Teresa Cuenca de Tejero

Os guerrilleiros de onte son os políticos de hoxe. Dende a participación no Goberno de Caldera de Teodoro Petkoff e de Pompeyo Márquez até o rexeitamento do Goberno Revolucionario Bolivariano por parte dos dous anteriores e do mesmo Douglas Bravo, aliado contra o Goberno coa dereita e a patronal venezolana.

María Teresa Cuenca de Tejero, con 91 anos, manda esta carta verbo o seu fillo e aqueles convulsos anos en resposta a unhas declaracións do ex-guerrilleiro e ex-ministro de fronteiras do Goberno do social cristián Rafael Caldera: Pompeyo Márquez.

REPUBLICA DE VENEZUELA
MINISTERIO DE EDUCACION
LICEO NOCTURNO
"JOSE GREGORIO HERNANDEZ"
CARACAS
ESTE CARNET ACREDITA AL ESTUDIANTE
TEJERO CUENCA
Alejandro
COMO ALUMNO DEL 2º AÑO, SECCION 1 CICLO 2º
Ciencias
EL DIRECTOR,
AÑO ESCOLAR 1959-60

Carné de estudante de Alejandro Tejero.

"Dásme noxo e vergoña, en primeiro lugar porque asasinaches a un home tan valioso como Santos Yorme. Non sei se serás culpábel doutros crimes pero non me toca a min xulgarte. Que te xulgue a historia. Se Santos Yorme estivese vivo podería lembrarche as torturas, os asasinatos e as desaparicións de tantos homes que ti xunto con el coñeciches e esqueciches. Non só *asasinaron a* Lovera querendo facelo desaparecer; efectivamente fixeron desaparecer ao meu fillo Alejandro Tejero, a Eduardo Navarro, a Francisco Palma, aos irmáns Pasquier, a Felipe Malaver, a César Burguillos, a Víctor Soto Rojas e a tantos outros que para citalos non atinxirían as páxinas deste diario ao unirlles os asasinados e torturados. Amólame dirixirme a ti pero considéroo un deber moral para tanta vítima da Cuarta República e para José Vicente Rangel.

Teño mais anos ca ti, case 91, e xamais recibín nin unha chamada túa nin oín da túa boca unhas palabras ante a detención, tortura e desaparición do meu fillo Alejandro Tejero Cuenca, a quen coñeciches e soubeches das súas condicións morais e revolucionarias. Non obstante, nin a dor aínda intacta, nin as frustracións, acabaron nin acabarán coa miña dignidade nin cos soños de xustiza que eran tamén os do meu fillo. E malia non telo nin vivo nin morto, podo sentir *a súa presenza* na loita que hoxe leva adiante o noso presidente Hugo Chávez e concretamente en materia de dereitos humanos e, se viñese algunha dúbida, a simple presenza de José Vicente Rangel neste Goberno é para min garantía abondo. Perdiches tanto a cordura que nin os inimigos políticos de José Vicente Rangel poderán negar a súa longa e consecuente loita polos dereitos humanos. Non sei que sería de nós sen o seu grande apoio.

A Toxa, agosto do ano 1957. Alejandro coa súa familia.

En cambio, ti, Pompeyo, estás á beira dos que cando gobernan ou cando son oposición, se manexan co crime e a mentira. Desde a Escola das Américas, onde adestraron para a práctica de tortura e desaparición na IV República, e hoxe estás ti moi activo servindo aos mesmos propósitos que desde EE.UU. pretenden arrincarnos a Patria. Canto me alegra dicirche, Pompeyo que non o lograrán porque os espécimes coma ti son minoría e a dignidade e o patriotismo prevalecerán".

María Teresa Cuenca de Tejero, C.I. 796.513.

Archivo del Ministerio de Relaciones Exteriores de Venezuela

Archivo Histórico del Palacio de Miraflores, AHM

Buenos y malos estranjeros, Julio Morales Lara, El Universal, 3 de maio de 1946, p. 4

Catira, La, Camilo José Cela, Seix Barral, biblioteca breve, primeira reimpresión 1989

Expediente Negro, José Vicente Rangel, redición de agosto de 2004

Los represores de ayer: Los fascistas de hoy, José Vicente Rangel, folleto sen data.

Memorias IV, Más fuertes que la tortura y la pena de muerte, 1945-1954, Santiago Álvarez, Ediciós do Castro, 1990

Fontes orais

Manuel Ponte Regueira "Duende".
Alberto Puente García.
Simón Alberto Consalvi.
Rafael Uzcátegui.
Eliseo Montes.
María Teresa Tejero Cuenca
María Teresa Cuenca Estevas
Benxamín Dapena.
Manuel Álvarez Quiroga.
Xesús López.
Gonzalo Gómez Caridad.
Ileana Recagno.
Familiares de José Mosqueira Manso (Corme).
Oliva Fernández, filla de Mario Granell.
Vasco Szinetar.
Douglas Bravo.
Ángel Serra.

Fontes Documentais

Arquivo da Irmandade Galega de Venezuela.
Arquivo da Casa de España.
Arquivo do Caracas'ko Eusko Etxea.
Arquivo do Centre Català de Caracas.
Arquivo de Manuel Álvarez Quiroga.
Arquivo de Simón Alberto Consalvi.
Arquivo do Ministerio Venezuelano de Relacións Exteriores.
Arquivo de Últimas Noticias.
Arquivo de El Nacional.
Arquivo de El Universal.
Biblioteca Nacional de Venezuela.
Biblioteca de la Univerdidad Central de Venezuela.
Asociación Bolivariana contra el silencio y el olvido

Fontes hemerográficas

Xornais
El Nacional.
El Universal.
El Heraldo
El País
El Impulso
Últimas Noticias.
Crítica.
Magazine Español.
Revistas
Momento.
Élite.
Bohemia.

Biografía

Xurxo Martínez Crespo



Xurxo Martínez Crespo naceu en Ferrol o 7 de xuño de 1964, fillo de nai galega e pai cubano. En 1974 néganlle a el e á súa irmá a nacionalidade española debido á condición de estranxeiro do pai. Cuba dálle a nacionalidade cubana que manterá até o día de hoxe.

Marcha de Galiza por vez primeira a Lima, Perú, país no que rematará a súa primaria, o seu bacharelato e comezará os seus estudos universitarios.

Entre 1984 e 1987 reside en Madrid estudando dereito na Universidade Complutense. Marcha a Venezuela en 1987. Alí traballará nunha compañía discográfica, como tripulante nun avión de carga DC3 a hélice facendo a rota das Antillas holandesas a Caracas, como secretario do xulgado 33 Penal, como chofer dunha miss, como corrector de probas dunha revista aérea e como supervisor de visitadores médicos.

Estuda pola noite a licenciatura de Filosofía na Universidade Central de Venezuela mentres polo día traballa nunha fábrica de bicicletas xaponesa como encargado de mantemento mecánico. Remata a carreira de Filosofía cunha tese sobre Jürgen Habermas e o patriotismo constitucional.

Colabora en Caracas en diversas publicacións e semanarios. É o encargado da parte en lingua galega do programa radial da Irmandade Galega de Venezuela, Sempre en Galiza, o segundo en galego máis antigo do mundo. Funda no colexio Castelao de Caracas en 1996 a cátedra de estudos galegos para os 400 nenos desa institución. Dá aulas nocturnas de historia galega para adultos en Venezuela. É primeiro premio de xornalismo da Xunta de Galiza en 1999 por un artigo sobre Castelao. Especialízase no exilio político en Venezuela. Atopa as actas do Partido Nacionalista Vasco no exilio en Venezuela e descobre un personaxe do exilio galego, Mosqueira Manso, na novela de Cela, La Catira, co nome de capitán Cerdeira.

Participa no I Congreso da Memoria en Narón, A represión franquista en Galicia, co relatorio O exilio galego en América. Participa na elaboración do Diccionario do exilio, Trasterrados, de Galicia Hoxe. Ten en preparación un libro con máis de corenta biografías e material fotográfico sobre o exilio galego en Venezuela. É responsábel da edición de Vieiros-Venezuela e colaborador do periódico dixital da Confederación Intersindical Galega, www.galizacig.com.

Rescatou o primeiro disco de longa duración gravado en galego para a súa reedición, no que participara Celso Emilio Ferreiro, e na actualidade preside a única Federación de Asociacións de Emigrantes Retornados de Galiza. Na actualidade vive na Coruña.

Índice

Introdución 7

Biografías:

Granell Mario 11

Mosqueira Manso José María 29

Puente García Alberto 39

Tejero Cuenca Alejandro 61

Bibliografía 79

A Asociación Galega de Emigrantes Retornados (AGER) presenta o libro ***Catro vidas do exilio galego en Venezuela.*** Xurxo Martínez Crespo achega nestas páxinas a historia de catro vidas que son unha mostra dos centos de galegos que tiveron a sorte de ser acollidos nun dos poucos países que abriu as súas fronteiras aos exiliados galegos, vascos, cataláns e españois. Castelao, que pola súa condición de exiliado tiña prohibida a entrada á Arxentina de Perón, tivo que facer uso do seu antigo visado como residente na Arxentina para poder exiliarse. Galiza ten unha débeda histórica con Rómulo Gallegos Freire, que pasara varios meses exiliado en Beluso, e con Andrés Eloy Blanco, presidente e ministro de Asuntos Exteriores de Venezuela en 1948, respectivamente.

Estas catro vidas son un claro exemplo, non do que gañou Venezuela ao acollelos, senón do que perdeu Galiza ao non telos a eles e a milleiros coma eles.

Subvenciona:

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL

Edita:

ager

ASOCIACIÓN GALEGA DE

Colaboran:

FEGA

DG